



FACULTADE DE FILOLOXÍA

Grao en Lingua e Literatura Galegas

Traballo de Fin de Grao

**A tradución no ámbito Galeusca:
análise cuantitativa e cualitativa
das traducións entre galego, catalán
e éuscaro**

Autor: Diego Rodríguez Vila

Titora: Dolores Vilavedra Fernández

Curso 2022/2023



FACULTADE DE FILOLOXÍA

Grao en Lingua e Literatura Galegas

Traballo de Fin de Grao

**A tradución no ámbito Galeusca:
análise cuantitativa e cualitativa
das traducións entre galego, catalán
e éuscaro**

Autor: Diego Rodríguez Vila

Titora: Dolores Vilavedra Fernández

Curso 2022/2023

Índice

[GAL].....	5
[CAT].....	6
[EUS]	7
[ESP].....	8
[ENG].....	9
1. Introducción.....	11
2. Marco teórico	13
2.1 Contexto sociolingüístico e político en Galeusca	13
2.2 Campo literario e mercado editorial	17
2.2.1 Evolución do mercado editorial en Galiza (1980-2019).....	19
2.2.2 Políticas de tradución no ámbito Galeusca	20
3. Metodoloxía	25
3.1 Análise crítica das bases de datos do ISBN e de Bitraga.....	27
4. Análise das prácticas de tradución no eido Galeusca	30
4.1 A literatura infantil e xuvenil.....	34
4.2 A literatura para público adulto	39
4.2.1 Do catalán ao galego.....	39
4.2.2 Do éuscaro ao galego.....	42
4.2.3 Do galego ao catalán e ao éuscaro	45
4.3 O castelán como lingua de interposición	50
5. Conclusións.....	52
Bibliografía	55
Fontes.....	55
Referencias bibliográficas.....	55
Anexo 1. Autorías máis traducidas da LIX.....	58
Anexo 2. Nómima de obras traducidas e autorías de LA.....	62



FACULDADE DE FILOLOXÍA



Formulario de delimitación do título e resumo

Traballo de Fin de Grao curso 2022/2023

APELIDOS E NOME:	Rodríguez Vila, Diego
GRAO EN:	Lingua e Literatura Galegas
(NO CASO DE MODERNAS) MENCIÓN EN:	
TITOR/A:	Dolores Vilavedra Fernández
LIÑA TEMÁTICA ASIGNADA:	Literatura contemporánea

SOLICITO a aprobación do seguinte título e resumo:

Título: Tradución no ámbito Galeusca: análise cuantitativa e cualitativa das traducións entre galego, catalán e éuscaro

Resumo:



Galiza, País Vasco e Cataluña son tres nacións que experimentaron situacións políticas e sociolingüísticas moi semellantes ao longo da súa historia. Após a ditadura franquista, conformáronse como “nacionalidades históricas” dentro do estado español grazas á promulgación de cadanseu Estatuto de Autonomía durante a Segunda República. Ademais, posúen cadansúa lingua propia distinta do castelán, coa que coexisten nunha situación diglósica que é enfrontada mediante cadansúa Lei de Normalización Lingüística. Estas circunstancias compartidas propiciaron diversas asociacións entre nacións, desde os Pactos Galeusca, no eido do nacionalismo político, até a Federación Galeusca, no eido literario.

Neste contexto de minorización lingüística, a tradución ten un papel fundamental na consolidación de cadanseu campo literario e na normalización de cadansúa lingua. A teor disto, neste traballo analizaranse as sinerxías entre estas comunidades a través da tradución: vaise estudar que obras se traducen, quen o fai e as motivacións de fondo. Centrarase o estudo nas traducións desde e cara ao galego, empregando como base, por unha banda, o corpus da Biblioteca galega de tradución (Bitraga) da Universidade de Vigo, que recolle as traducións literarias publicadas desde 1980 até a actualidade, e pola outra, a Base de datos de libros editados en España da Axencia Española do ISBN.

O obxectivo final do traballo é a análise dos factores que rexen estas prácticas tradutivas, tendo en conta a planificación lingüística, as políticas de tradución, os sistemas editoriais, así como calquera outro factor que poida influír. Da mesma maneira, analizaranse as tendencias sobre a escolla das obras traducidas e o equilibrio entre a importación e a exportación de textos.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2023.

SRA. PRESIDENTA DA COMISIÓN DO TRABALLO DE FIN DE GRAO

<p>Sinatura do/a interesado/a</p> 	<p>Visto e prace (sinatura do/a titor/a)</p> <p>Firmado por VILAVEDRA FERNANDEZ DOLORES - ***5954** el día 22/02/2023 con un certificado emitido por AC FNMT Usuarios</p>	<p>Aprobado pola Comisión do Traballo de Fin de Grao coa data</p> <p>17 MAR. 2023</p> <p>Selo da Facultade de Filoxía</p> 
---	---	---

SRA. PRESIDENTA DA COMISIÓN DO TRABALLO DE FIN DE GRAO

[GAL]

Título: A tradución no ámbito Galeusca: análise cuantitativa e cualitativa das traducións entre galego, catalán e éuscaro.

Resumo: Galiza, País Vasco e Cataluña son tres nacións que experimentaron situacións políticas e sociolingüísticas moi semellantes ao longo da súa historia. Após a ditadura franquista, conformáronse como “nacionalidades históricas” dentro do estado español grazas á promulgación de cadanseu Estatuto de Autonomía durante a Segunda República. Ademais, posúen cadansúa lingua propia distinta do castelán, coa que coexisten nunha situación diglósica que é enfrontada mediante cadansúa Lei de Normalización Lingüística. Estas circunstancias compartidas propiciaron diversas asociacións entre nacións, desde os Pactos Galeusca, no eido do nacionalismo político, até a Federación Galeusca, no eido literario.

Neste contexto de minorización lingüística, a tradución ten un papel fundamental na consolidación de cadanseu campo literario e na normalización de cadansúa lingua. A teor disto, neste traballo analizaranse as sinerxías entre estas comunidades a través da tradución: vaise estudar que obras se traducen, quen o fai e as motivacións de fondo. Centrarase o estudo nas traducións desde e cara ao galego, empregando como base, por unha banda, o corpus da Biblioteca galega de tradución (Bitraga) da Universidade de Vigo, que recolle as traducións literarias publicadas desde 1980 até a actualidade, e pola outra, a Base de datos de libros editados en España da Axencia Española do ISBN.

O obxectivo final do traballo é a análise dos factores que rexen estas prácticas tradutivas, tendo en conta a planificación lingüística, as políticas de tradución, os sistemas editoriais, así como calquera outro factor que poida influír. Da mesma maneira, analizaranse as tendencias sobre a escolla das obras traducidas e o equilibrio entre a importación e a exportación de textos.

Palabras chave: tradución, Galeusca, galego, catalán, éuscaro.

[CAT]

Títol: La traducció a l'àmbit Galeusca: anàlisi quantitativa i qualitativa de traduccions entre gallec, català i basc.

Resum: Galícia, el País Basc i Catalunya són tres nacions que han viscut situacions polítiques i sociolingüístiques molt semblants al llarg de la seva història. Després de la dictadura franquista, es van conformar com a "nacionalitats històriques" dins l'estat espanyol gràcies a la promulgació dels seus Estatuts d'Autonomia durant la Segona República Espanyola. A més, cadascuna té la seva llengua pròpia, diferent del castellà, amb la qual conviuen en una situació diglòssica que s'enfronta mitjançant les seves Lleis de Normalització Lingüística. Aquestes circumstàncies compartides van donar lloc a diverses associacions entre nacions, des dels Pactes Galeusca, a l'àmbit del nacionalisme polític, fins a la Federació Galeusca, a l'àmbit literari.

En aquest context de minorització lingüística, la traducció té un paper fonamental en la consolidació del camp literari de cada nació i en la normalització de cada llengua. Amb això en ment, aquest treball analitzarà les sinergies entre aquestes comunitats a través de la traducció: estudiarem quines obres es tradueixen, qui ho fa i les motivacions subjacents. L'estudi se centrarà en les traduccions des de i cap al gallec, a partir, d'una banda, del corpus de la Biblioteca Galega de Tradución (Bitraga) de la Universitade de Vigo, que recull les traduccions literàries publicades des del 1980 fins a l'actualitat, i de l'altra, la Base de dades de llibres editats a Espanya per l'Agència Espanyola de l'ISBN.

L'objectiu final del treball és l'anàlisi dels factors que regeixen aquestes pràctiques de traducció, tenint en compte la planificació lingüística, les polítiques de traducció, els sistemes editorials, així com qualsevol altre factor que pugui influir. De la mateixa manera, s'analitzaran les tendències d'elecció de les obres traduïdes i l'equilibri entre la importació i l'exportació de textos.

Paraules clau: traducció, Galeusca, gallec, català, basc.

[EUS]

Izenburua: Itzulpengintza Galeusca esparruan: galego, katalan eta euskarazko itzulpenen analisi kualitatibo eta kuantitatiboa.

Laburpena: Galiza, Euskal Herria eta Katalunia historian zehar egoera politiko eta soziolinguistiko oso antzekoak izan dituzten hiru nazio dira. Diktadura frankistaren ostean, “nazionalitate historiko” moduan egokitu ziren estatu espaniolaren baitan Bigarren Errepublikan izandako Autonomia Estatutu aldarrikapenari esker. Gainera, hirurek gaztelania ez den hizkuntza propio bat daukate, eta honekin elkarbizi dira bakoitzaren Normalizazio Linguistiko Legeen bitartez egoera diglosikoari aurre egiten zaiolarik. Egoera partekatu hauek nazioen arteko elkarreak bultzatu zituen, izan Galeusca Ituna, nazionalismo politikoaren eremuan, zein Galeusca Federazioa, eremu literarioan.

Minorizazio linguistiko testuinguru honetan, itzulpengintzak funtsezko zeregina du bakoitzaren literatura arloan eta bakoitzaren hizkuntza normalizazioan. Honekin ados, lan honetan komunitateen arteko sinergiak aztertuko dira itzulpengintzaren bitartez: itzultzen diren obrak zeintzuk diren, zeinek egindakoak diren eta atzetik zer motibazio duten ikasiko da. Galegotik eta galegora egindako itzulpenetan zentratuko da azterketa, alde batetik Biblioteca galega de tradución (Bitraga) da Universidade de Vigo-ren korpusean, 1980az geroztik argitaratutako literatura itzulpenak jasotzen dituen, eta bestetik Agencia Española del ISBN-k Espainian editatutako liburuen datu-basean oinarrituz.

Lanaren helburu nagusia itzulpen-praktika hauek zuzentzen dituzten faktoreen analisisa da, planifikazio linguistikoa, itzulpengintza politikak, argitalpen sistemak edota eragina izan dezakeen beste edozein faktore kontutan hartuz. Honela, itzulitako obren hautu-tendentzia eta testuen arteko inportazio eta exportazioaren arteko oreka aztertuko da.

Hitz gakoak: itzulpengintza, Galeusca, galego, katalan, euskera.

[ESP]

Título: La traducción en el ámbito Galeusca: análisis cuantitativo y cualitativo de las traducciones entre gallego, catalán y euskera.

Resumen: Galicia, País Vasco y Cataluña son tres naciones que han experimentado situaciones políticas y sociolingüísticas muy parecidas a lo largo de su historia. Tras la dictadura franquista, se conformaron como “nacionalidades históricas” dentro del estado español gracias a la promulgación de sus Estatutos de Autonomía durante la Segunda República. Además, poseen lenguas propias distintas al castellano, con lo que coexisten en una situación diglósica que es enfrentada mediante leyes de normalización lingüística. Estas circunstancias compartidas han propiciado diversas asociaciones entre naciones, desde los Pactos Galeusca, en el ámbito del nacionalismo político, hasta la Federación Galeusca, en el ámbito literario.

En este contexto de minorización lingüística, la traducción tiene un papel fundamental en la consolidación de sus campos literarios y en la normalización de sus lenguas. De acuerdo con esto, en este trabajo se analizarán las sinergias entre estas comunidades a través de la traducción: se estudiará qué obras se traducen, quién lo hace y las motivaciones de fondo. Se centrará el estudio en las traducciones desde y hacia el gallego, empleando como base, por un lado, el corpus de la Biblioteca galega de tradución (Bitraga) de la Universidade de Vigo, que recoge las traducciones literarias publicadas desde 1980 hasta la actualidad, y por otro, la Base de datos de libros editados en España de la Agencia Española del ISBN.

El objetivo final del trabajo es el análisis de los factores que rigen estas prácticas traductivas, teniendo en cuenta la planificación lingüística, las políticas de traducción, los sistemas editoriales, así como cualquier otro factor que pueda influir. De la misma manera, se analizarán las tendencias sobre la selección de obras traducidas e el equilibrio entre la importación y la exportación de textos.

Palabras clave: traducción, Galeusca, gallego, catalán, euskera.

[ENG]

Title: Translation in the Galeusca sphere: quantitative and qualitative analysis of translations between Galician, Catalan, and Basque languages.

Abstract: Galiza, Euskal Herria and Catalunya are three nations which have undergone very similar political and sociolinguistic circumstances throughout their history. Following Franco's dictatorship, they became "historical nationalities" within the new Spanish democratic state, thanks to the enactment of their Statutes of Autonomy during the Spanish Second Republic. Moreover, they each possess their own language, different from the Spanish one, with which they coexist in a diglossic state that is confronted by means of their legislation on language planning (Linguistic Normalization Laws). These shared circumstances have favored various associations among nations, such as the Galeusca Pacts, in the field of political nationalism, or the Galeusca Federation, in the literary field.

In this context of linguistic minoritization, translation has a fundamental role in the consolidation of each of their literary fields and in the normalization of each of their languages. Thus, this paper will analyze the synergies among these communities through translation: we will study which works are translated, who translates them and their underlying motivations. The study will focus on translations from and into Galician, using two fundamental resources as a basis: on one side, *Biblioteca galega de tradución*'s corpus (Bitraga, 'Galician Translation Library'), from the Universidade de Vigo, which gathers literary translations published after 1980 until the present days; on the other, the Spanish ISBN Agency's *Base de datos de libros editados en España* ('Database of books published in Spain').

The final goal of this essay is analyzing which factors regulate this translation practices, considering language planning, translation policies, publishing systems, as well as any other factor that may have an influence. Furthermore, we will discuss trends in the selection of translated pieces and the balance between the import and export of texts.

Keywords: translation, Galeusca, Galician, Catalan, Basque.

*Anque as nosas palabras sean distintas,
e ti negro i eu branco,
si temos semellantes as feridas,
como un irmau che falo*

"Irmaus", do poemario *Longa noite de pedra*
de Celso Emilio Ferreiro (ed. Gonzalo Navaza)

*Encara que les nostres paraules siguin diferents
i tu, negre i jo, blanc,
si tenim semblants les ferides
com un germà et parlo.*

"Germans", del poemari *Llarga nit de pedra*
de Celso Emilio Ferreiro (trad. Josep Anton Rabella)

*Gure hitzak desberdinak diren arren,
eta zu beltz eta ni zuri,
zauriak antzerako ditugunez,
neba-arreba moduan derratzut*

"Neba-arrebak", Celso Emilio Ferreiroren
Harrizko gau luzea poema liburutik (itz. Itzale Laka Solozabal)

1. Introducción

É clara a importancia da tradución literaria para calquera sistema literario como instrumento de internacionalización da propia cultura, como medio de intercambio cultural entre comunidades lingüísticas e como método para incorporar novos textos, temas, enfoques e cosmovisións. Nisto inciden todos os estudos sobre a tradución literaria; Losada (2015), por exemplo, sintetiza a importancia da tradución coa seguinte cita: “Ninguna cultura es una isla que pueda sobrevivir encerrada en sí misma” (Losada 2015: 7), aludindo ao verso de John Donne, “No man is an island”. Como indica este autor, todas as literaturas europeas ao longo da súa historia foron incorporando gran parte do pensamento universal a través da tradución. Así, como aduce Galanes Santos (2015), “traducir literatura va más allá de cambiar el código lingüístico de una obra, constituye un ejercicio de transmisión de una determinada cultura a otra” (Galanes Santos 2015: 43). Traducir, xaora, non é só importar e exportar textos dunha lingua a outra, é poñer dúas culturas en relación.

É un caso particular o do galego e o doutras linguas minorizadas (como, no ámbito hispánico, o éuscaro ou o catalán), que tiveron que facer “un esfuerzo titánico y meritorio” (Losada 2015: 7) para se incorporaren a esta dinámica. Aínda que en Galiza a tradución xa desenvolvera un papel importante na Idade Media e tamén na época contemporánea da Xeración Nós (Luna Alonso e Fernández Rodríguez 2015: 9), é claro que na época contemporánea esta actividade se centraba maiormente na importación de textos e estaba mediatizada polo castelán, co que coexiste o galego nunha situación de diglosia. Deste xeito, como paso clave na consolidación dunha cultura minorizada, isto é, na superación desta situación de subordinación fronte á lingua hexemónica, “resulta tan importante acceder a los flujos culturales internacionales como posicionar productos propios en ese escenario” (Luna Alonso e Fernández Rodríguez 2015: 10). Así, outras autoras como Buján Otero (2007) salientan a importancia da “producción, circulación e recepción das traducións, que no caso galego teñen –ou deberían ter– unha importante función na normalización da lingua” (2007: 899). A normalización lingüística, xa que logo, vai da man da existencia dunhas dinámicas de tradución autónomas e consolidadas.

Galanes Santos tamén engade que, para que se produzan relacións tradutivas entre comunidades, “tiene que existir [...] un motivo para esa relación, un/a agente que sirva de puente entre ambas y unas condiciones mínimas para que esta relación cristalice, esto es, para que se produzca un intercambio bi o multidireccional” (Galanes Santos 2015: 44). Buján Otero reitera tamén que nas actividades tradutivas “non só entran en xogo factores culturais, senón

tamén moi fortemente políticos, sociolingüísticos e económicos” (2007: 899-900). Daquela, para que se consoliden estas dinámicas de tradución entre comunidades cómpre que existan unhas relacións motivadas e fortes, alén de condicións materiais para que aflore este vencello.

A teor do anterior, neste traballo vaise estudar a tradución entre tres comunidades cunha vinculación histórica moi clara e cun contexto sociolingüístico e político semellante: Galiza, País Vasco e os Países Cataláns¹. Inseridas no estado español, son tres culturas con lingua propia (galego, catalán e éuscaro, respectivamente) en situación de diglosia baixo o castelán e o francés, no caso de Iparralde. Contan co recoñecemento político de nacionalidades históricas grazas á promulgación de cadanseus Estatutos de Autonomía durante a Segunda República e, após a ditadura franquista, nos albores da España democrática, propulsaron o uso das súas linguas a través de diferentes lexislacións, como as Leis de Normalización Lingüística. Alén de todo isto, a relación entre estas nacións non é só contextual, senón que existiron iniciativas entre Galiza, Euskadi e Cataluña desde o século XX de cooperación entre as periferias ibéricas, como os Pactos Galeusca, no ámbito político, ou Federación Galeusca, no literario².

Logo dunha contextualización da situación política e sociolingüística nestas comunidades e dos seus sistemas literarios e editoriais, analizaranse as traducións entre o galego, catalán e éuscaro, centrándose na importación e exportación de textos no eido galego nas catro primeiras décadas da democracia, entre os anos 1980 e 2019, delimitados pola promulgación das devanditas Leis de Normalización Lingüística, por un lado, e pola crise derivada da pandemia de COVID-19, por outro. Para isto, elaborouse unha base de datos a partir das traducións recollidas no corpus da Biblioteca da Tradución Galega (Bitraga) e na *Base de datos de libros editados en España*, da Axencia Española do ISBN. Finalmente, avaliaranse as escollas dos textos que se traducen, explorando os motivos de fondo e a planificación desta actividade.

O obxectivo é pescudar que se traduce, quen o fai e baixo que circunstancias entre estas tres comunidades tan enraizadas entre si, de xeito que se poida “intentar sentar los límites, los contornos que configuran lo que son y representan estas literaturas fuera de sus dominios lingüísticos” (van Hoofft 2001: 48).

¹ Aínda que no resumo aprobado se aludía só a Cataluña, cumpriu estender a análise a todos os territorios de fala catalá, como o País Valenciano ou as Illas Baleares, tanto polo criterio lingüístico como por simetría co País Vasco (non Euskadi, a comunidade autónoma), que abrangue tamén territorios de Navarra e de Iparralde, en Francia.

² Para unha panorámica histórica sobre Galeusca, véxase o artigo de Carlos Negro “A Asociación de Escritores en Lingua Galega e Galeusca: unha panorámica histórica” (2004), en *Grial Cadernos*.

2. Marco teórico

2.1 Contexto sociolingüístico e político en Galeusca

O galego, o catalán e o éuscaro son as tres únicas linguas minorizadas que teñen na actualidade un status de oficialidade nalgunha comunidade autónoma de España³. Pese a que, “desde a súa formación como Estado moderno, as elites españolas imaxinaron e construíron a identidade de dita organización arredor dunha mitificación baseada no ‘común’ e na ‘unidade’ lingüística” (Ramallo 2016: 1), isto é, arredor da hexemonía do castelán ou español como lingua oficial e de cultura, estas tres comunidades periféricas, que sufriron unha forte represión no estado⁴, tempo despois do seu *Rexurdimento*, *Renaixença* ou *Pizkundea* no eido cultural e político, conseguiron a oficialidade para as súas linguas en dous momentos concretos: na Segunda República (1931-1936) e no Estado das autonomías (1978-actualidade).

Canto á demografía e á sociolingüística destas linguas, na actualidade o catalán e o galego catalóganse como linguas con comunidades lingüísticas de tamaño grande (1.000.000 falantes), mentres que o éuscaro conta cunha comunidade lingüística de tamaño medio (500.000-1.000.000 falantes; Ramallo 2016: 2). O coñecemento das tres linguas en cadansúas comunidades autónomas é moi desigual. Nas comunidades onde se fala galego e catalán, a poboación ten un coñecemento amplo: 91% da poboación galega, 73% da catalá, 63% da balear e 51% da valenciana é capaz de falar as linguas propias (Ramallo 2016: 5). Pola contra, en Euskadi e Navarra o coñecemento do éuscaro é menor, nomeadamente nas destrezas orais: na zona vascófona de Navarra, a poboación euscalduna é o 59%, mentres que en Euskadi é o 32% (ib.). No caso das tres linguas, así e todo, obsérvase un avance de todas as competencias ao longo do período democrático, sobre todo das destrezas escritas (Kremnitz 2012: 58-61). Canto á condición de lingua inicial, “a poboación que tivo como primeira lingua só unha das linguas oficiais non acada o 50% en ningún lugar” (Ramallo 2016: 5) e o bilingüismo inicial é pouco habitual, agás nos casos de Galiza e do País Valenciano. Os datos de uso destas linguas como linguas habituais tamén son bastante desiguais, con porcentaxe comprendidas entre o 73% (Galiza) e o 35% (Euskadi, vid. Ramallo 2016: 6).

³ En España fálanse, ademais, outras linguas minorizadas con menor protección: amazige, árabe ceutí, aragonés, aranés, asturiano, fala, leonés, portugués, linguas de signos, romano-caló... (Ramallo 2016)

⁴ Para a análise da represión lingüística en España, véxanse *O libro negro da lingua galega* (2022), de Carlos Callón, *La persecución política de la llengua catalana* (1985), de Francesc Ferrer i Gironès, e *El libro negro del euskera* (1998), de Joan Mari Torrealdei.

No respectivo á creación dun estándar lingüístico para estas linguas, hai tamén diferenzas. Mentres que no caso catalán xa existía unha forma referencial consolidada, a de Pompeu Fabra, na época da Segunda República (Kremnitz 2012: 55)⁵, o que lles permitiu comezar cunha política lingüística de cooficialidade nese tempo, tanto para o galego como para o éuscaro a norma lingüística é posterior. Aínda que a Euskaltzaindia, a Academia Vasca, xa se fundara en 1919, a elaboración do *euskera batua* retrasouse a 1968 baixo o mando de Koldo Mitxelena, e para a creación da autonomía vasca o proceso de codificación aínda non rematara (Kremnitz 2012: 56). Igualmente, o establecemento do estándar galego retrasouse até 1982, coa publicación das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* por parte da Real Academia Galega e do Instituto da Lingua Galega (ib.). Estes dous retrasos teñen incidencia, nomeadamente, na aceptación social e na difusión destes estándares e, consecuentemente, no prestixio das linguas.

O marco legal fundamental sobre o que se sostén a política lingüística en España e que permitiu o avance máis ou menos favorábel destas linguas é, por suposto, a Constitución Española de 1978. Como indica van Hooft, o seu artigo 3 “supuso el reconocimiento explícito e ineludible de una realidad lingüística plural que durante los anteriores años del franquismo (1939-1975) fue negada y, si la ocasión lo exigía, prohibida y perseguida.” (2001: 42), se ben Ramallo (2016) e Kremnitz (2012) denuncian a xerarquización das linguas estatais e a desigualdade no tocante á obriga de coñecer as linguas minorizadas oficiais⁶. Deste xeito, “o castelán convértese así na única lingua española oficial en todo o territorio estatal”, consolidándose así a praxe habitual (Ramallo 2016: 1). Malia todo, como sinala van Hooft (2001: 42):

Este suceso histórico que reconoce la realidad plurilingüe del estado español tuvo su continuación y reafirmación en los estatutos de autonomía vasco (1979), en su artículo 6, el estatuto de autonomía gallego (1980), en su artículo 5, y el estatuto de autonomía catalán (1979), en su artículo 3, en los que se declara respectivamente que el vasco, gallego y catalán son las lenguas propias de sus respectivas autonomías y se indica, a su vez, la cooficialidad del castellano

A estes tres Estatutos, promulgados pola “vía rápida” da Constitución (art. 151) ao iniciaren un proceso de constitución na Segunda República, hai que engadir os do País Valenciano

⁵ A consolidación desta norma redúcese a Cataluña, pois no País Valenciano, por exemplo, as polémicas sobre o estándar lingüístico esténdense, como mínimo, ata a publicación en 2006 da normativa da Acadèmia Valenciana de la Llengua (Kremnitz 2012: 68).

⁶ Son abondo coñecidos os recursos de inconstitucionalidade impugnados, por exemplo, ao *Estatut d'Autonomia* catalán e á *Lei de normalización lingüística* galega por incluíren a obrigatoriedade de coñecer a lingua minorizada; só se permitiu a inclusión do dereito a coñecela.

(1983/2006) e das Illas Baleares (1983/2007), así como a Lei Foral de Navarra (1982/2001)⁷, que tamén inclúen consideracións sobre o catalán/valenciano, como “lingua propia e oficial”, e sobre o éuscaro, só oficial nas zonas vascófonas. Estabelecida a oficialidade, “las regiones con lengua cooficial dejan los detalles de la reglamentación a leyes autonómicas (que alguna vez se hacen esperar)” (Kremnitz 2012: 52). Daquela, como apunta Kremnitz (2012: 69):

Euskadi adopta, ya en 1982, una *Ley básica de normalización del uso del Euskera*, y Catalunya adopta en 1983 una *Llei de normalització lingüística a Catalunya*, como lo hace Galicia [coa *Lei de Normalización Lingüística* (1983)], mientras que Navarra, las Islas Baleares y la Comunidad Valenciana esperan hasta 1986 para adoptar leyes comparables, pero mucho más restrictivas, para la lengua propia respectiva.

As diferenzas na extensión das linguas propias provocaron tamén diferenzas na fereza das devanditas leis: mentres que en Cataluña se aspiraba a converter o catalán na primeira lingua pública, en Euskadi, cunha menor difusión do éuscaro, cumpría só asegurarlle un espazo na vida pública (ib.). Hai tamén diferenzas neste aspecto debidas á conformación dos primeiros gobernos autonómicos: nos casos catalán e vasco “los partidos no estatales obtienen mayorías relativas o absolutas en los parlamentos, y por eso las políticas de afirmación autonómica se acentúan, dando ambas autonomías una importancia clave a las lenguas autóctonas” (Kremnitz 2012: 57). Por contra, en Galiza, nas Illas Baleares, Navarra e no País Valenciano, “afirmaciones rotundas por parte de los gobiernos sucesivos no iban acompañadas de una política coherente” (ib.), cun desinterese na promoción efectiva das linguas propias.

Malia estas disparidades, a argumentación de van Hooft non deixa de ser certa (2001: 42):

El reconocimiento de la cooficialidad del *Euskera*, *Galego* y *Català* (sic.) fue el primer paso hacia el proceso de restauración y normalización de tres lenguas que hasta ese momento habían sido relegadas al ámbito familiar y a la marginalidad a pesar de los intentos de mantenerlas a flote realizados, en muy precarias condiciones, por un pequeño grupo de escritores, editores, hablantes y lectores en cada uno de los dominios lingüísticos de dichas lenguas.

Desta maneira, “los primeros años de la democracia fueron dedicados en cada uno de los dominios lingüísticos antes mencionados a la recuperación y el fortalecimiento de la[s] infraestructuras e instituciones culturales y de enseñanza” (van Hooft 2001: 43). Así, promocionáronse as linguas oficiais no ensino primario, medio e universitario e creáronse radios e televisións autonómicas (*Euskal Telebista – ETB, TV3, Radio Catalunya, RTVG...*). A escola e os medios audiovisual son, abofé, “mecanismos de cohesión social” que “maiormente poden contribuír de xeito loábel [á] promoción das linguas” (Ramallo 2016: 9).

⁷ Tamén, o novo Estatuto catalán, aprobado en 2006.

No ámbito literario, recuperáronse e creáronse infraestruturas editoriais, establecéronse subvencións directas ou indirectas a autores e editoriais, premios literarios e xornais e revistas literarias que “tratarán de reconstruir los desechos y sentar las bases para formar en unos casos y recuperar en otros una población que hable y consuma literatura en su lengua vernácula” (van Hooft 2001: 43).

Con todo, a pesar de existir un marco legal favorábel, a situación non está exenta de conflito, nomeadamente pola alternancia entre gobernos a prol da política lingüística contra a diglosia, como os de ERC, os dos abertzales ou o do PSOE-BNG, e gobernos en contra, como os do PP (Kremnitz 2012: 69-71). Por exemplo, “hai motivos evidentes de alarma na situación das linguas oficiais no sistema educativo, en concreto o galego en Galicia e o catalán en País Valenciano e Illas Baleares” (Ramallo 2016: 8), por mor do desprazamento das linguas propias, a pesar do compromiso do Estado ao asinar a *Carta Europea para as Linguas Rexionais ou Minoritarias* en 2001, consistente no ensino na lingua propia, co castelán como materia curricular.

2.2 Campo literario e mercado editorial

Após a “longa noite de pedra” franquista, onde o mercado editorial galego, catalán e vasco tiñan unha actividade mínima de supervivencia (van Hooft 2001: 44), a reconstrución destes sistemas literarios e das súas infraestruturas foi consecuencia, coa chegada da democracia, da promulgación dos Estatutos de Autonomía e das Leis de Normalización Lingüística. Desde o Estado das autonomías, “en cuanto a la edición de títulos, las estadísticas de los tres dominios lingüísticos confirman que ha tenido lugar un claro y positivo desarrollo. [...] El año 1978 es el punto de inflexión, notándose de forma evidente el inicio de la recuperación editorial” (van Hooft 2001: 44). Pasouse, daquela, dunha fase inicial “filolóxica”, onde se traducía para acumular capital simbólico e para prestixiar a lingua como vehículo capaz de reproducir discursos literarios universais de alto capital simbólico (Galanes Santos 2015: 47), a unha nova “fase comercial”, coa ampliación do mercado editorial como consecuencia da oficialidade destes idiomas e a súa entrada no ensino (Lema 2009 ápuod Galanes Santos 2015: 51)⁸. Con todo, os avances déronse de maneira desigual e sempre por baixo dos do mercado castelán: como apunta van Hooft (2001: 44) o peso da edición en catalán é de arredor dun 15% en relación ao mercado castelán, mentres que no caso do éuscaro e do galego é de arredor dun 2,5%. Canto ás traducións, arredor do 20% de todos os títulos publicados en galego anualmente son traducións literarias (Galanes Santos 2015: 49), con cifras semellantes para o catalán (entre un 18% e un 25%, segundo Comellas 2016: 134) e algo máis elevadas para o éuscaro (entre un 25% e un 38%, segundo Manterola 2016: 183). Ademais, no caso galego, hai un claro desequilibrio entre a importación e a exportación; a primeira supón en media un 66% do total da tradución (Galanes Santos 2015: 50).

Primeiramente, nos anos 80, a entrada nas escolas destas linguas “condujo a una repentina y elevada demanda de textos en la lengua vernácula, inicialmente centrada sobre todo en libros de texto y otro material escolar, así como en literatura dirigida a un público infantil y juvenil” (Montero Küpper 2015: 18). Así, nesas primeiras décadas o número de traducións de literatura infantil e xuvenil (LIX) é moi superior ao das obras de literatura para público adulto (LA), e así se mantén ao longo destes corenta anos. A LIX presenta un volume de obra traducida cun valor medio de 65,3% das traducións ao galego, evolucionando desde un 80-60% a comezos de 1980 até un certo equilibrio entre LIX e LA nos últimos anos (Galanes Santos 2015: 52).

⁸ Séguese neste traballo a cronoloxía da tradución nos sistemas en proceso de normalización cultural, orixinal de Lema (2009) e que emprega Galanes Santos (2015), posto que “el tipo mayoritario de traducción de un periodo puede servir para diagnosticar la situación de un sistema literario minorizado en ese momento” (2015: 45).

A LIX conta cunhas dinámicas propias dentro do mercado literario, con frecuentes alianzas editoriais no marco estatal para producir materiais de LIX simultaneamente en todas as linguas a través da coedición (Galanes Santos 2015: 52; Mociño 2015) tanto entre editoriais autóctonas, como Galaxia, La Galera e Elkar (Luna Alonso 2012: 133-135) como en editoriais españolas que comezan a operar nestas comunidades baixo un selo creado *ad hoc*, como Obradoiro-Santillana-SM, Rodeira-Edebé-Marjal, Tambre-Edelvives... (Galanes Santos 2015: 53). Tamén, nos últimos anos, entran con forza no mercado da LIX proxectos editoriais como Kalandraka (1998) ou OQO (2005) dedicados especialmente a este tipo de literatura, o cal a ollos de Galanes Santos (2015: 53) constitúe a introdución, polo menos neste xénero, da tradución galega na “fase autónoma” de Lema (2009)⁹. Estudaranse con máis vagar estas editoriais, coas súas coleccións, e a coedición no apartado dedicado á LIX.

En xeral, a edición en lingua galega corre a cargo de editoriais privadas galegas como Galaxia, e Edicións Xerais, mais tamén hai edición por parte das institucións públicas (arredor dun 10% de toda a edición en galego) así como por parte de editoriais privadas do ámbito estatal (arredor dun 15%; Montero Küpper 2015: 19). Nos outros dous ámbitos, a situación é semellante, con editoras propias como Elkar, Susa, Erein ou Pamiela, para o éuscaro, ou Bromera, Barcanova, Cruïlla ou La Galera, para o catalán, aínda que no mercado editorial en lingua catalá haxa un pulo maior por parte das institucións públicas (Comellas 2016). Cómpre sinalar tamén as sinerxías existentes entre estas nacións, como as mencionadas alianzas de coedición ou a Federación Galeusca, formada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG, 1980), a Associació d’Escriptors en Llengua Catalana (AELC, 1997) e a Euskal Idazleen Elkartea (EIE, 1982). Abofé, entre estas tres comunidades xéranse “mecanismos de solidariedade non só ideolóxica, senón tamén a nivel de mercado” (González Fernández 2001 ápu d Buján Otero 2007: 909), xerando intercambios alternativos ao sistema dominante e potenciando a tradución entre estas linguas sen mediación do castelán. Así e todo, se ben a colaboración en Galeusca tivo moita forza na primeira transición, como indica Rábade Villar (2016: 271-272):

en la actualidad las conexiones entre Galicia, Euskadi y Cataluña son muy débiles en el ámbito editorial. [...] Cuando estas conexiones tienen lugar el sentido del intercambio no suele ser ni simétrico ni recíproco, y parece obedecer antes a la voluntad de agentes individuales que a la planificación institucional o comercial

⁹ “A fase autónoma ou de importación e exportación, xorde como consecuencia da consolidación do campo literario galego como un campo con institucións, axentes e valores propios, capaz de xerar un discurso literario e simbólico que atenda ás súas necesidades” (Lema 2009 ápu d Galanes Santos 2015: 56)

2.2.1 Evolución do mercado editorial en Galiza (1980-2019)

Tracemos unha breve cronoloxía do mercado editorial galego no Estado das autonomías. Neses primeiros anos 80, cos comezos da etapa comercial, non hai unha planificación clara das traducións en Galiza; esta necesidade subsídíase primeiramente mediante a iniciativa persoal de persoas escritoras ou do ámbito académico, como Carlos Casares ou Xohana Torres (Montero Küpper 2015: 23). Nesta altura, impórtanse obras sen unha política de tradución ben meditada, pois o fin primordial era proveer a sociedade galega de textos literarios en lingua galega, nomeadamente LIX (Montero Küpper 2015: 25). Por suposto, a actividade non se limitou a traducir a eito; tamén se crearon asociacións como a Asociación de Tradutores Galegos (ATG) da man de Xulián Maure¹⁰ ou se buscou a colaboración con organismos académicos, como a Universidade de Vigo, a través da creación dunha titulación de Tradución e Interpretación e dunha revista *Viceversa* de tradución (Montero Küpper 2015: 24). Así, sentábanse as bases para “satisfacer las exigencias de la demanda gracias a la presencia de profesionales formados en la Universidade de Vigo y una mayor formación en lenguas extranjeras en general” (Montero Küpper 2015: 20).

Na seguinte década, como indica Montero Küpper (2015: 25),

las editoriales parecen encauzar una planificación para la edición y selección de traducciones: las colecciones (creación y traducción) que nacen al final de la década de los 80 o principios de los años noventa y que quieren ofrecer un espacio específico para los textos clásicos, demuestran esa intención de las editoriales de perfilar una política de traducción. Estas buscan satisfacer las demandas y necesidades de la sociedad a la vez que delimitan su espacio en el mercado

Así, nos 90 enfócase a tradución cara aos textos canónicos da literatura universal e tamén cara ao público adulto, ampliando o mercado editorial alén da LIX. Posteriormente nacen tamén iniciativas editoriais, como Rinoceronte Editora (2005), Urco Editora (2007) ou El Patito Editorial (2007), “que eligen los textos que quieren traducir siguiendo criterios diferentes: [...] cubrir espacios culturales poco o nada representados en gallego” ou tendo “como criterio principal de elección el género literario (literatura fantástica y ciencia ficción, así como cómic respectivamente)” (Montero Küpper 2015: 26).

As dúas décadas do século XXI correspóndense, daquela, coa etapa de profesionalización da tradución en Galiza, sendo a primeira delas “la única en la que se dio un intento de planificación de la traducción y en que el aumento de dotación económica es notable” (Galanes Santos 2015:

¹⁰ Tamén, cofundador de Edicións Xerais, uns dos motores da tradución galega nesta época.

52). Por unha banda, créanse novas asociacións, como a Asociación Galega de Profesionais da Tradución e Interpretación (AGPTI, 2001), que busca “mitigar la situación de precariedad laboral con la que se enfrentaban muchas profesionales de la traducción e interpretación en el cambio de siglo” (Montero Küpper 2015: 26), mais tamén cobra forza a ATG, apoiada e con influencia na Xunta en cuestións como a financiación das traducións da Biblioteca Virtual Galega (Bivir), a presentación de candidaturas para o Premio Nacional de Tradución do Ministerio de Cultura, ou a redacción de lexislación específica, como a *Lei do libro* e do Plan de Lectura (ib.). Tamén se afianza nesta etapa a LA, consolidando “a partir de 2004 valores próximos a 100 obras/bienio, como umbral mínimo de títulos traducidos, lo que nos hace pensar en la emergencia de un público adulto formado en gallego con interés por la literatura universal traducida” (Galanes Santos 2015: 52) Isto, como apunta esta autora, é “un signo de normalización del sistema cultural: la consolidación de un público adulto que demanda obra literaria traducida” (ib.).

Con todo, a partir da década de 2010, a tendencia á alza inverteuse; no inicios destes dez anos, “la edición en lengua gallega sumaba una media de unos 2220 títulos anuales con una tendencia porcentual a la baja [...], incluso por debajo de la edición en euskera¹¹” (Montero Küpper 2015: 19). No caso das traducións, a comezos da década minguou o seu volume “hasta el punto de que el número de traducciones de LIJ se reduce hasta la mitad” (Galanes Santos 2015: 52). Esta redución explícase, segundo estas autoras, “por la crisis económica [de 2008-2014] así como por los cambios discursivos en el ámbito del poder político” (Montero Küpper 2015: 19), particularmente á “reducción significativa de líneas de ayuda institucional, que se ha visto disminuida también en un 50%” (Galanes Santos 2015: 52, Rábade Villar 2016: 277).

2.2.2 Políticas de tradución no ámbito Galeusca

No decurso da actividade de tradución nos casos galego, catalán e éuscaro teñen unha importancia vital as políticas de tradución, isto é, “las actuaciones y las pautas o directrices preliminares que marcan las líneas generales en las decisiones de una entidad pública o privada en materia de traducción” (Montero Küpper 2015: 22-23), por seren sistemas culturais subalternos. Ímonos centrar nas políticas de tradución institucionais, que adoitan concretarse na convocatoria de premios de tradución, na subvención da actividade tradutora e na promoción e o apoio loxístico.

¹¹ No caso da edición e da tradución vasca tamén se percibe, ademais, unha diminución desde o 2011 polas mesmas razóns ca no caso galego (Manterola 2016: 180).

Os premios de tradución son políticas culturais que reforzan as medidas enfocadas na importación de novos textos. Como explica Montero Küpper (2015: 27): “constituyen, de manera parecida a los galardones de creación, una estrategia para avalar la calidad de un texto traducido y de partida a la vez que visibilizan el hecho traductor”, incentivando a lectura e a actividade tradutora, ao mesmo tempo que amplían horizontes no proceso de conformación e rexeneración do sistema cultural galego.

No ámbito da Administración estatal¹², o Ministerio de Cultura convoca dous premios específicos para a tradución, nos que poden optar traducións a calquera das linguas estatais: o Premio Nacional á Mellor Tradución (desde 1985) e o Premio Nacional á Obra dun Tradutor (desde 1989). Estes galardóns contan cun maior prestixio ca os convocados polas institucións autonómicas, ao contaren cunha maior difusión que un galardón desta índole (Montero Küpper 2015: 27). Trátanse, con todo, de estratexias políticas que buscan “manifestar una (supuesta) normalidad para con las diferentes culturas en el Estado español, puesto que se convoca explícitamente para todas las lenguas cooficiales españolas” (ib.); así e todo, só dúas traducións catalás e dúas galegas obtiveron este premio, fronte a unha maioría de traducións ao castelán (Montero Küpper 2016: 65).

No caso da Administración autonómica galega, Montero Küpper aduce o seguinte (2015: 28):

Las autoridades gallegas no han prestado una debida atención a este incentivo para las traducciones o las autorías de las traducciones. Así, desde hace veinte años no existe ningún premio de traducción convocado por la Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de la Xunta de Galicia. Y el único premio de traducción creado por el gobierno gallego, el Premio de Traducción Ramón Cabanillas, no logró cumplir su propósito al ser extremadamente fugaz.

Efectivamente, para este premio só houbo convocatorias entre 1989 e 1994. Ademais de que o resto de premios non contemplan a actividade tradutora, existen sospeitas de “clientelismo” nestes premios literarios (González-Millán 1994 ápu d Montero Küpper 2015: 27-28), o que lles resta prestixio en favor dos galardóns estatais.

Algunhas institucións non gobernamentais tamén crean os seus propios premios segundo os seus intereses na autoría das traducións, tipo de texto, edición... (Montero Küpper 2015: 30). Por exemplo, a UVigo convoca o Premio de Poesía e de Relato Curto, que inclúe a modalidade de tradución literaria desde 1998; a Fundación Plácido Castro convoca un premio desde 2001;

¹² Neste traballo non se recollen as iniciativas no ámbito europeo por non teren demasiada influencia na tradución entre galego, catalán e éuscaro, que si recolle na súa achega Montero Küpper (2016).

A AGE tamén convoca desde 2005 o Premio Lois Tobío á Tradución na convocatoria anual do Premio Da Edición; finalmente, a AELG incorpora a tradución no seu premio desde 2006 (Montero Küpper 2015: 30-32). No ámbito das organizacións estatais, “los Premios Nacionales de la Crítica han marcada el tono con sus cuatro secciones dedicadas a las literaturas escritas en castellano, catalán, vasco y gallego, sentando, de esta manera, precedente en la labor de promocionar y difundir conjuntamente estas cuatro literaturas” (van Hoof 2001: 46).

En Cataluña, pola contra, hai varios premios de tradución por parte de entidades públicas, como o Premi Ciutat de Barcelona do Instituto de Cultura de Barcelona, con modalidade de tradución desde 1995, ou o Premio Rafel Jaume da AELC, desde 1985, aínda que non así do Departament de Cultura da Generalitat (Montero Küpper 2016: 67). Ademais, para a extratradución, o Institut Ramon Llull, encargado da promoción da cultura catalá no estranxeiro, convoca un premio de tradución literaria do catalán desde o 2012 (ib.). Igualmente, en Euskadi o Instituto Etxepara, ocupado da promoción exterior da cultura vasca, promove en colaboración con Laboral Kutxa desde o 2015 o Premio de Tradución Etxepare Laboral Kutxa para as traducións da literatura vasca. Ademais, as autoridades de Euskadi conceden desde 1997 un premio para intratraducións, o Euskadi Literatura Sariak (‘Premio Literario Euskadi’), que contempla a modalidade de mellor tradución literaria ao éuscaro (Montero Küpper 2016: 67-68).

No que concirne á política de subvencións, compártese o exposto por Montero Küpper (2015: 33-34), aplicábel tamén aos mercados vasco e catalán:

Las editoriales gallegas actúan en un mercado globalizado cuyos productos dependen en gran medida de las opciones impuestas por los mercados y comunidades económicamente más favorecidas. El mercado del libro gallego forma parte de un sector circunstancialmente desfavorecido por lo que precisa una discriminación positiva [...] A la mencionada discriminación positiva se puede acceder mediante un apoyo económico que les compete especialmente al Estado español y al Gobierno gallego.

Así, o Estado convoca axudas á tradución e edición en linguas extranxeiras de obras españolas redactadas en calquera lingua¹³ e, desde 1986 e até 2012, axudas específicas para a tradución entre linguas españolas, que se aplican de maneira recíproca a todas as linguas oficiais do estado desde 1991 (Montero Küpper 2015: 34). O número de traducións ao galego subvencionadas por esta axuda oscilou entre 3-5 volumes por convocatoria, dotadas dunha media aproximada de 1000€ por libro (ib.).

¹³ Aínda que cun desentendemento da internacionalización das culturas subalternas (Montero Küpper 2016: 71).

As axudas da Administración galega, en cumprimento do artigo 20 da LNL, “constituyen las medidas principales a la traducción editorial e incluyen tanto las iniciativas para promover la traducción al gallego como las iniciativas de internacionalización del capital cultural gallego” (Montero Küpper 2015: 35). Até 2006, o goberno galego subvencionaba para a edición en xeral, mais entón dáse “una reorientación de estas subvenciones reflejada en la *Lei do libro* gallega de 2006 que, además de la traducción literaria desde y al gallego, también hace explícita referencia a la promoción de la traducción de textos científicos y técnicos” (ib.). Xa que logo, nos anos 2005-2008 as axudas aumentan considerabelmente, mentres que a partir de 2009 comezan os recortes derivados da crise económica (Montero Küpper 2015: 36). A subvención para a importación nestes anos é, en valor medio, 98.000€ por ano (un 57% sobre o total), aínda que nos últimos anos nunca se chega a adxudicar a suma total das subvencións (ib.).

Montero Küpper (2015, 2016) fai unha análise pormenorizada dos problemas nas subvencións por mor dos criterios de adxudicación. Vaise salientar un deles: a predilección por “textos significativos” de “carácter universal” (Montero Küpper 2015: 37), o que explica o gran número de clásicos literarios subvencionados e, asemade, a selección de obras que xa forman parte do sistema cultural literario a través dunha versión española (Montero Küpper 2015: 38). Sería interesante, porén, fuxir do repertorio hexemónico para poñer en valor a autonomía do sistema literario galego: “Abandonar la hegemonía cultural significaría colocarnos en una situación privilegiada ya que nos permite ampliar nuestro horizonte cultural completando con importaciones el espectro literario y científico que ofrece la cultura dominante” (Montero Küpper 2015: 41).

A Administración catalá, particularmente o Departament de Cultura da Generalitat de Catalunya a través da Oficina de Suport a la Iniciativa Cultural, tamén convoca subvencións anuais para a intratradución de obras literarias, cun orzamento semellante ao galego mais para linguas “non españolas” (Montero Küpper 2016: 69-70), ao consideraren que a tradución no ámbito español lle compite ao Ministerio de Cultura. No caso da extratradución, con todo, dáse un apoio loxístico a través do Institut Ramon Llull a través de actividades de formación, promoción da presenza da cultura catalá en feiras do libro e subvencións, cun orzamento xeneroso en comparación co galego ou vasco, 220.000€ (Montero Küpper 2016: 70). O goberno vasco, pola súa banda, tamén ofrece subvencións para a intratradución tanto para o castelán como para o éuscaro, o que “resulta insólito desde el punto de vista de otras comunidades con lengua propia” (Montero Küpper 2016: 68) ao reservar arredor dun 20% da contía da subvención como mínimo para o castelán. O goberno de Euskadi tamén colabora con

proxectos como *Literatura Unibertsala*, da Asociación de Tradutores Vascos (EIZIE), que promoveu a tradución de 150 obras clásicas. Para a extratradución, tamén hai subvencións do Instituto Etxepare desde 2012 (Montero Küpper 2016: 68-69).

No tocante ao apoio loxístico e a promoción, no nivel estatal hai apoio promocional nalgunhas revistas literarias e xornais, como *Ínsula*, con seccións fixas e monográficos de literatura vasca, galega e catalá, coa inclusión de Jon Kortazar, Anxo Tarrío Varela e Jaume Pont no seu comité de redacción (van Hooft 2001: 46-48). O mesmo apoio tamén se dá no ámbito periférico, con monográficos sobre a literatura vasca na revista *Grial* (1998, nº 140) ou sobre a poesía galega, na revista vasca *Zurgai* (1993; ib.). Alén disto, no ámbito gubernamental autonómico, a Xunta de Galicia, por exemplo, patrocina obradoiros de tradución de textos literarios, a formación de tradutoras e tradutores literarios na UVigo, plataformas informativas en liña, como a colección *Galician Classics*, aínda que centrándose só na exportación (Montero Küpper 2015: 39).

A modo de conclusión deste apartado, nestes 40 anos os mercados literarios galego, catalán e vasco experimentaron unha lenta recuperación, primeiramente pola necesidade de LIX, mais despois consolidándose na fase comercial no caso da LA, nomeadamente do xénero narrativo. Estas transformacións producíronse nun “reducido horizonte temporal y, salvo algunas iniciativas puntuales, sin el soporte de una política de traducción institucional continuada, más allá del apoyo financiero por la vía de la subvención” (Galanes Santos 2015: 61). Ademais, obsérvase un certo declive na tradución na última década por mor da crise económica e política.

3. Metodoloxía

Para a análise das traducións entre galego, catalán e éuscaro, elaborouse unha base de datos en Excel a partir do corpus da Biblioteca galega de tradución (Bitraga), da Universidade de Vigo, e da *Base de datos de libros editados en España*, da Axencia Española do ISBN, localizada na páxina web do Ministerio de Educación e Cultura. Bitraga recolle as traducións literarias publicadas desde 1980 até a actualidade, centrándose na intra e extratradución galega, mentres que o ISBN recolle todos os libros editados en España desde 1972, ano de implementación deste sistema de catalogación, e permite buscar libros segundo a lingua de publicación e a lingua da que se traduce. Con todo, tamén se empregaron outras ferramentas para corrixir e completar a información contida en Bitraga e no ISBN, pois estas ferramentas teñen algúns erros e, ademais, a catalogación de obras nas primeiras décadas da democracia é escasa¹⁴. Consultouse, daquela, a base de datos *Nor da Nor – Euskal Itzulpengitzaren datu-basea* (‘Quen é quen – Base de datos da Asociación Vasca da Tradución’), moi útil para as traducións literarias entre galego e éuscaro; tamén o catálogo da BUSC, moi atinado nas obras traducidas cara ao galego; o catálogo da Biblioteca de Catalunya, que contén información sobre as traducións entre galego e catalán; o portal EDI-RED, que permitiu comprobar a filiación dalgunhas editoriais; finalmente, pescudouse nas páxinas web dalgunhas das editoriais, que inclúen no seu catálogo información sobre as traducións que non aparecían en Bitraga, como o ISBN ou a persoa tradutora.

No corpus elaborado para este traballo escolmáronse os seguintes datos para cada unha das traducións: ano de publicación da tradución (necesariamente comprendido entre 1980 e 2019), autoría da obra orixinal e da tradución, título orixinal e traducido, editorial, xénero literario (seguindo principalmente o sistema de catalogación de Bitraga¹⁵), direccionalidade da tradución (isto é, se a tradución é directa ou se é mediada a través doutra tradución a outra lingua¹⁶) e ISBN (ou algún outro método de identificación da obra). Moitas veces foi imposible atopar toda esta información botando man dos recursos sinalados arriba, polo que hai entradas sen datos sobre a autoría da tradución ou a direccionalidade, por exemplo.

¹⁴ Tanto “os erros e a falta de rigor clasificatorio” do ISBN como a escasa catalogación de traducións na década dos 80 son sinaladas, por exemplo, por Buján Otero (2007: 899) ou por van Hooft (2021: 48-49).

¹⁵ As categorías que se empregaron foron as seguintes: LIT_Banda deseñada_LIX, LIT_Narrativa_Novela_LIX, LIT_Narrativa_Relato_LIX, LIT_Poesía_LIX, LIT_Teatro_LIX, PROSA NON LIT_Divulgación_LIX, LIT_Banda deseñada, LIT_Narrativa_Contos, LIT_Narrativa_Novela, LIT_Narrativa_Relatos, LIT_Poesía, LIT_Teatro, NON-FIC_Ensaio e Outros.

¹⁶ Este dato só aparece recollido en Bitraga e foi especialmente útil na elaboración do apartado 4.3.

O código ISBN (*International Standard Book Number*: ISBN-10 ata 2007, ISBN-13 desde 2007) serviu como control da veracidade das traducións; se algunha das entradas dos corpus nos que se pescudou non existía ese dato, dubidouse da súa autenticidade. Así e todo, en casos moi puntuais recolléronse datos sen ISBN¹⁷, sempre que se conseguise atopar algún outro indicio da súa existencia. É o caso, por exemplo, dunha antoloxía poética galego-éuscaro do Consello da Cultura Galega, que só conta con DOI (*Digital Object Identifier*), da tradución de 1984 ao éuscaro da obra *Os vellos non deben de namorarse* pola editorial Eusko Jaurilaritza, que só se conserva online, de dúas traducións de poemas de Claudio Rodríguez Fer publicados na web... Polo tanto, quedaron fóra do corpus algunhas traducións da editorial Susa do galego ao éuscaro, como as que realizou Gabriel Aresti d’*O divino sainete*, de *Nós* (álbum de Castelao) ou a tradución *Lauretatik lauretara* (1992) do poemario *De catro a catro*, de Manuel Antonio. A pesar do seu interese, por formaren parte do canon literario galego e para as dinámicas de literatura para público adulto, ademais de careceren de ISBN, non se atopou ningunha referencia da súa existencia na web das editoriais ou na base de datos *Nor da Nor*.

As traducións agrupáronse en catro grupos, dependendo do par de linguas entre as que se traduce e da dirección de tradución: do catalán ao galego, do éuscaro ao galego, do galego ao catalán e do galego ao éuscaro. Con todo, este criterio lingüístico foi, nalgúns casos, problemático. No caso do catalán, recolléronse obras publicadas en Cataluña, no País Valenciano e nas Illas Baleares, empregando ás veces estándares lingüísticos distintos (marcados polo ISBN como “catalán” ou “valenciano”, e por Bitraga como “catalán” ou “catalán (Valencia)”); no do éuscaro, atopáronse algunhas obras publicadas “en vizcaíno” segundo Bitraga, fronte ao resto, publicadas en *batua* ou éuscaro unificado. Con todo, esta distinción non se segue de xeito sistemático nos corpus consultados: basta constatar como unha mesma editorial valenciana, Edicions Bromera, conta con traducións catalogadas como catalán e como valenciano. Daquela, en todos os casos, agrupáronse as obras publicadas en calquera das normas do catalán/valenciano, por unha banda, e as publicadas en éuscaro/biscaíño.

Isto supuxo, nalgúns casos, agrupar nunha mesma entrada dúas obras con distinto ISBN, unha en norma catalá e a outra, valenciana, mais que proceden do mesmo texto orixe. É o caso, por exemplo, de *Un cavall de foc* (trad. de *Un caballo de lume*), traducida co mesmo título pola mesma tradutora, Tina Vallès, ao catalán e ao valenciano, en dúas sucursais do mesmo selo

¹⁷ Noutros estudos, como o de van Hooft, tamén se contempla “la posibilidad de que no todos los libros editados lleven un registro de ISBN [...], aunque el número sea posiblemente escaso” (2001: 50), aínda que el non recolla tales obras.

editorial, Animallibres e Edicions Bromera. Tamén, nuns poucos casos, se agruparon traducións en biscaíño e en *euskera batua* dun mesmo título, como o caso de *Parkeko txoko berdea/Parkeko bazter berdea* (trad. de Noa, de Antonio García Teijeiro), traducida por Joxantonio Ormazabal na súa versión en éuscaro *batua* e por Ana Arruza en biscaíño, ambas na mesma editorial, Elkar. De xeito similar, no caso das retraducións, reedicións ou reimpressiones, entre as que non se indican diferenzas no ISBN ou en Bitraga, seguiuuse o criterio de agrupalas baixo a mesma entrada. É o caso das diversas versións de *Jo sóc jo* (trad. de *Eu son eu*, de Fina Casalderrey) en 2004, 2009 e 2016, algunhas en catalán, en valenciano, en edición bilingüe valenciano-inglés... Seguiuuse tal criterio de agrupación nos dous casos citados posto que o obxectivo deste traballo é fornecer unha perspectiva xeral sobre a tradución en Galeusca, aínda que sería tamén interesante afondar nos pormenores das retraducións, das traducións en normas distintas polas mesmas tradutoras, da escolla dos textos a reeditar...

O resultado obtido foi un corpus composto en total por 942 obras traducidas, agrupadas segundo os circuítos de tradución en catro grupos, cada un nunha folla de Excel: catalán – galego, con 399 entradas; éuscaro – galego, con 81; galego – catalán, con 302; e galego – éuscaro, con 160. A partir destes datos elaborouse a análise que figura no seguinte apartado. Considérase que a mostra recollida é suficientemente ampla e representativa para poder realizar observacións xerais sobre a dinámica tradutiva entre estas comunidades lingüísticas, a pesar de, por unha banda, traballar basicamente a partir de corpus de traducións, non directamente cos textos¹⁸, polo que é posíbel que non se corrixisen algúns dos erros existentes nestas bases de datos, e, por outra banda, a pesar de descartar certas entradas que non contaban cun número ISBN ou cun método alternativo de verificación.

3.1 Análise crítica das bases de datos do ISBN e de Bitraga

Quérese concluír este apartado incidindo nos erros que se atoparon nas bases de datos consultadas, nomeadamente na do ISBN. Para a consulta nesta ferramenta existe unha versión en galego, mais resultou inaccesíbel, polo que foi obrigado traballar coa versión castelá. Alén disto, atopáronse erros nesta base de datos de moi diversa natureza. Por exemplo, etiquétanse traducións na dirección incorrecta, como as antoloxías poéticas feitas por Xavier R. Baixeras e publicadas por Espiral Maior, que aparecen como traducións do galego ao catalán, cando son realmente na dirección inversa. Mesmo se etiquetan traducións entre linguas incorrectas, como nalgúns casos de coedición de Kalandraka (no caso de *Where the Wild Things Are*, de Maurice

¹⁸ Nalgúns poucos casos si que se consultou directamente a tradución.

Sendak, a tradución catalá *Allà on viven els monstres* feita por María Viu Rodríguez en 2000 aparece etiquetada como realizada desde o galego, cando é claramente desde o inglés) ou noutros casos, como nunha tradución ao catalán de *Nire jaioterriko jendea*, de Bernardo Atxaga, que aparece erroneamente como unha tradución desde o galego.

Tamén hai abondas adscripcións erróneas da autoría: no ISBN indícase que o autor de *O frautista de Hamelín*, traducido por Iolanda González en 2002, é José-Fernando Rey Ballesteros, autor español de ensaios sobre teoloxía, no canto de Xosé Ballesteros, tradutor e autor galego de LIX. Este é o mesmo caso de *Este é o medo*, traducido como *Això és la por* (1992), onde o ilustrador Pepe Carreiro aparece como autor, no lugar de Xosé González Barreiro.

Outras confusións céntranse na persoa que traduce. É un caso destacábel a tradución de *Un día de caca e vaca*, de Fina Casalderrey, traducido tanto ao catalán (por Animallibres e polo Cercle de Lectors) como ao valenciano (por Edicions Bromera): nun caso, a tradutora non aparece mencionada (en Edicions Bromera, edición da que o ISBN recolle mal o título); noutro, a tradución adscribíse aos “Serveis Lingüístics d’Edicions Bromera” (na edición de Animallibres, que ademais o ISBN indica que é unha tradución do finés ao catalán); finalmente, na edición do Cercle de lectors tampouco se indica. Hai que recorrer a Bitraga para descubrir a tradutora de todas as versións: Teresa Soler Cobo. Daquela, para tres versións dun mesmo libro publicadas no mesmo ano 2006 hai tres entradas diferentes, confusas e incompletas.

Bitraga, aínda que achega máis información e resulta fundamental para o estudo das traducións desde e para o galego, non está exenta de erros. Presenta algúns erros ao nomear as persoas tradutoras en éuscaro: por exemplo, indica como tradutor "Sarasola Itzultzaile, Joxantonio" a pesar de que "Itzultzaile" non é o apelido, senón que significa ‘tradutor/a’ en éuscaro; noutro caso, tómase “Testu Zerbitzuak, Rosetta” como os apelidos e o nome dunha tradutora, a pesar de ser o nome da empresa Rosetta Testu Zerbitzuak (en galego, ‘Servizos de texto Rosetta’). Tamén cómpre sinalar o difícil método de busca de Bitraga, que non permite filtrar por idioma de tradución ou idioma orixinal: débense buscar todas as traducións (ou as dun ano concreto, pois tampouco permite buscar por períodos) e ordenalas segundo a lingua meta da tradución. Hai, ademais, buscas que non aparecen directamente ao buscar por ano, como é o caso de *Eskolako arbola*, que non aparece ao buscar no ano 2016 mais si a partir da obra orixinal, *A árbore da escola*. Alén de algunhas entradas que non aparecen nas buscas, tamén hai algunhas entradas mínimas, só coa información do título orixinal e da autoría da tradución, como *Vint poemes de Luis Pimentel* (1982), que se debeu descartar por non achar o seu ISBN.

Como se observa, os erros son numerosos e dificultan o traballo, a pesar do útiles que son as ferramentas de Bitraga e do ISBN. A maioría destes erros recolléronse no corpus nunha “Nómina de erros” que non caberá relatar nesta redacción.

4. Análise das prácticas de tradución no eido Galeusca

Neste apartado vaise analizar que se traduce, quen o fai e cales son os criterios das escollas, de os haber. Así, primeiro discutirase a análise da LIX, que supón a maioría das traducións (763 obras de LIX fronte a 179 de LA, isto é, 4 de cada 5 traducións), e despois estudarase a LA nos catro circuitos de tradución, sempre co público galego como orixe ou meta. A investigación centrarase nas autorías das obras orixinais e das traducións, así como as editoriais que as publican e os xéneros máis traducidos.




Figura 1. Comparación das diferentes direccións de tradución por ano. Elaboración propia.

Na figura 1 pódense observar o número de obras traducidas para cada unha das direccións por ano. En liñas xerais, cúmprense as expectativas escolmadas no apartado 2.2: existen máis traducións entre galego e catalán ca entre galego e éuscaro, sobre todo, na importación de LIX nas décadas de 1980 e 1990. Así, nesos primeiros vinte anos, as traducións entre galego e éuscaro non superan as 7, na extratradución, ou as 3, na intratradución, cunha media de 2,6 e 0,9 títulos/ano, respectivamente. Pola contra, no caso da extratradución ao catalán chéganse a 11 traducións en 1995, cunha media de 4,5 títulos/ano, e na intratradución de obras catalás chéganse ás 19 en 1989, cunha media de 9,55 obras/ano.



Figura 2. Total de traducións por ano. Elaboración propia.

Na primeira década do novo milenio é cando se traducen máis obras entre estas comunidades, sendo o ano 2001 o *annus mirabilis* da tradución en Galeusca, coa tradución de 64 obras desde e cara ao galego (fig. 2). O aumento nas subvencións reflíctese no das obras traducidas, con valores medios de 14 títulos/anos na intratradución do catalán e na extratradución cara a esta lingua, 6,5 na extratradución cara ao éuscaro e 4,5 na intratradución. Con todo, a partir de 2010 danse de novo uns datos de traducións menores aos da década anterior, cunha tendencia á baixa: 7,1 traducións/ano para o catalán desde o galego, 6,9 do catalán ao galego, 4,3 do galego ao éuscaro e 1,6 do éuscaro ao galego.

Canto ao equilibrio entre intra e extratraducións, obsérvase que, agás no comezo deste período, cunha elevada importación de LIX catalana, a exportación é sempre superior á importación, como é habitual nas periferias ibéricas (Galanes Santos 2015: 57):

Solo en el caso del español se mantiene la posición de intercambio y que, contrariamente, a lo que ocurría en la exportación, en la importación el marco de referencia es el circuito europeo [inglés, francés, alemán, italiano, portugués...], quedando las lenguas de la península relegadas a posiciones más subalternas.

A distribución de xéneros traducidos recóllese na fig. 3, para a LIX, e na fig. 4, para a LA. Na LIX, os xéneros predilectos son os narrativos: os contos, relatos e álbums ilustrados (LIT_Narrativa_Relato_LIX, 60%) seguidos da novela infantoxuvenil, un 37% do total, en consonancia cos datos de Galanes Santos (2015: 53-54). A tradución do xénero poético, teatral e de banda deseñada para o público infantil é anecdótica, así como do xénero divulgativo, con 15 títulos (vid. Galanes Santos 2015: 54).




Figura 3. Distribución de xéneros na LIX. Elaboración propia.

No caso da LA, pola contra, se ben a suma dos subxéneros narrativos (Novela, Relato e Contos) mantén o liderado, con porcentaxes de 31%, 12% e 2% respectivamente, o xénero máis traducido é o poético, un 38% do total. Desde un punto de vista editorial, a poesía é máis barata de editar que a narrativa, se ben tamén ten menor éxito. Ademais, na conformación das literaturas emerxentes a poesía é un dos xéneros predilectos, o que acaba conformando asemade a caracterización destas literaturas nas comunidades meta como emerxentemente poéticas.




Figura 4. Distribución de xéneros na LA (datos agrupados). Elaboración propia.

A tradución da poesía en forma de antoloxías multiautoriais ou de autor/a permite tamén a introdución de parte do canon literario ou das novas xeracións nestes mercados, aínda que é unha tendencia común a todas as linguas (Buján Otero 2007: 903). Como indica Teresa Seara

(2001: 101 ápod Buján Otero 2007), a antoloxía é “o vehículo máis adecuado para ofrecer mostrar plurais doutras literaturas, recompilar autores e obras esquecidos no tempo ou tamén para achegarnos o quefacer de poetas de sistemas literarios alleos a nós”.

Se ben a tradución poética foi importante nas primeiras décadas destes corenta anos, nos últimos anos percíbese un “debilitamento del horizonte peninsular como objeto de las relaciones interliterarias” (Rábade Villar 2016: 283). Fronte ao modelo antolóxico de poetas de Galeusca, o recente conflito catalán pola independencia política tivo consecuencias na esfera literaria (Rábade Villar 2016: 284):

Aunque reconozcamos, en la estela de Pierre Bourdieu, la autonomía de la literatura con respecto a la economía y a la política, probablemente la crisis del modelo territorial del Estado ha tenido también consecuencias profundas en las dinámicas de exportación e importación en el ámbito peninsular. Frente al paradigma Galeuska, las últimas tensiones identitarias entre el centro y las periferias estatales no se han traducido en una reactivación simbólica de los vínculos entre las comunidades históricas. Se diría, más bien, que en una relación inversamente proporcional, las reivindicaciones políticas han reactivado el centralismo literario, y esto no solo en lo que atañe a las iniciativas estatales sino, como hemos visto, también a las periféricas, cada vez más renuentes a tomarse entre sí o consideradas en su conjunto como objeto susceptible de antologación.

Ademáis de narrativa e de poesía, tamén hai bastantes traducións de ensaio literario, fundamentalmente no eixo catalán-galego, cun 13% das traducións. O teatro (3%), a banda deseñada (a tradución ao galego de *Azken garaipena* de Julen Ribasen en 2014, co título *A victoria final* da man de Urco Editora) e outras modalidades textuais (un diario ficcional de Suso de Toro, *Mai més: diari urgent d'una catàstrofe*, traducido ao catalán en 2003) case non teñen relevancia nas traducións no ámbito Galeusca.

En xeral, como vemos, o xénero privilexiado nas traducións é o narrativo, cunha tendencia á alza agás no caso do relato para público adulto, segundo os datos de Galanes Santos (2015: 54). Esta autora achega varias xustificación a esta suba na tradución de narrativa para público adulto: por unha banda, a irrupción no mercado de proxectos editoriais dedicados especialmente á tradución de novela, como Rinoceronte Editora ou Factoría K de Libros, que tamén repercute “en los catálogos y colecciones de editoras de más larga trayectoria, que se vieron impelidas a aumentar el volumen de traducciones de obra narrativa de público adulto para dar respuesta a la demanda de los lectores formados ya en gallego en las décadas anteriores” (Galanes Santos 2015: 55). Así, o impulso de pequenas editoras, sumado a un incipiente público adulto e a un impulso institucional na dotación de axudas permite que a tradución entre, para este xénero, nunha etapa máis comercial.

4.1 A literatura infantil e xuvenil

A LIX, como se sinalou antes, supón o groso das traducións desde e cara ao galego desde a década dos 80 (Mociño 2015: 109) e, ademais, “réxese en xeral, e especialmente no caso galego, por normas e costumes ben diferentes ós que regulan a literatura para adultos” (Buján Otero 2007: 900). As causas disto son, como sinala Buján Otero, o reducido prezo da produción destes libros “pouco extensos que ademais gozan de subvencións” e a súa “grande acollida no mercado, especialmente por cubrir a demanda de lectura obrigatoria en galego para o sector do ensino” (ib.). Deste xeito, “ante a demanda e a insuficiencia de material de creación propia, as editoriais botan man da tradución para satisfacer as necesidades creadas no ámbito educativo” (ib.). Cómpre sinalar que o mercado catalán ten moito peso na importación de LIX ao galego, sendo o segundo máis importante a nivel xeral, por detrás do castelán pero por diante do inglés (ib.).

A delimitación xenérica da LIX é, canto menos, problemática. Fóra das pretensións de considerala un xénero só segundo o público albo¹⁹, dentro da LIX atopamos narrativa (contos, novelas, coleccións de relatos...), poesía, teatro, álbums ilustrados... aínda que, como se indicou no apartado anterior, a meirande parte correspóndese co xénero narrativo. Ademais, moitas veces se clasifican baixo a LIX obras non necesariamente literarias, como “publicaciones didácticas, formativas, pedagógicas o simplemente material escolar, con una función instrumental y no literaria” (Mociño 2015: 108).

Segundo Mociño (2015: 109), hai catro vías principais na importación e exportación de LIX: a coedición e multiedición, as autotraducións (moi importantes na tradución de e ao castelán mais con pouco peso no caso que nos atinxe), a importación (moitas veces, adaptada) de clásicos universais e “los aspectos más relevantes que presenta la contemporaneidad” (ib.), como as novas editoriais plenamente inseridas na etapa autónoma da tradución.

Como indica esta autora (Mociño 2015: 109),

La coedición fue el recurso con el que se inició en Galicia la importación de LIJ. A ella recurrieron las editoras gallegas para poder ofrecer a la infancia y juventud obras cuyos costes le resultaban inasumibles, pero que eran necesarias para la formación de lectorado en la lengua propia, la defensa de la cultura y, sobre todo, para la normalización lingüística.

¹⁹ É igualmente problemática a delimitación da LA só polo público á que está dirixida. Asígnense ambos como convención tanto editorial (as editoriais elaboran coleccións diferentes segundo o público ao que as dirixen) como académica, ao aparecer en todos os traballos consultados.

Desde os anos 60 déronse os primeiros contactos entre La Galera (que nesa altura editaba en catalá e éuscaro) e Galaxia, coas coñecidas traducións de Xohana Torres²⁰. Este achegamento consolídase en 1979 coa sinatura dun acordo para editaren de maneira conxunta, xunto a editora vasca Elkar, coa colección A Chalupa²¹ (Luna Alonso 2012: 133-135). Algúns exemplos desta colaboración son os títulos *El gos Tupí i el llop Crispí* e *Rin eta Krixpin* (1983), traducións da obra de Carlos Casares *O can Rin e o lobo Crispín, O cazador* (1992), tradución de *El cazador*, de María Angels Gardella ou *A tenda da Pepa* (1984), tradución de *Joxepi dendaria*, de Mariasun Landa. Estes acordos acaban afianzándose nos anos oitenta e noventa (Galanes Santos 2012: 210) coa creación de Editores Asociados, “formada por Galaxia, Llibros del Peixe, Elkarnean, La Galera, Xordica, Bromera y Tàndem” (Luna Alonso 2012: 135), que publicaron numerosas traducións baixo as coleccións La mar ou ¿E que?²², como *Sóc adoptada* e *Alaba adoptatua naiz* (2004), traducións de *Eu son adoptada*, de Xosé Antonio Neira Cruz ou *Vou ter unha irmanciña* (2002), tradución de *Arreba txiki bat dut*, de Txiliku.

Nesta época estendéronse os selos editoriais específicos para as comunidades bilingües de editoras de ámbito estatal como Alfaguara (Obradoiro en Galiza, do grupo Santillana), Altea, Anaya, Edebé (Rodeira) ou Edelvives (Tambre) “que alternarían la traducción de obras de su fondo editorial en castellano con las de creación propia en la línea iniciada por SM (Xerme Edicións en Galicia).” (Luna Alonso 2012: 135). Esta última, por exemplo, adaptou o seu premio e colección El Barco de Vapor con tres convocatorias novas: El Vaixell de Vapor, O Barco de Vapor e Baporea. Nelas publicáronse moitos títulos, como *El laborator del doctor Nogueira* e *Nogueira doktoarearen laborategia* (2000, trad. de *O laboratorio do doutor Nogueira*, de Agustín Fernández Paz), *Les coses de Ramón Lamote* e *Ramon Lamoteren gauzak* (1986/1989, trad. de *As cousas de Ramón Lamote*, de Paco Martín) ou *El llapis de la Rosalia* e *Rosaliaren arkatza* (2007/1994, trad. de *O lapis de Rosalía*, de Antón Cortizas).

A partir dos anos 90 producíronse cambios no sector editorial, cun maior apoio polas institucións do fomento da lectura e da proxección exterior da LIX. Nese tempo, como indica Luna Alonso (2012: 137-138),

las cifras de LIJ gallega exportada aumentan considerablemente. Esto se debe en gran parte a la capacidad de renovación de Edicións Xerais, apoyado por el grupo Anaya, a la consolidación de muchas editoras

²⁰ Véxanse os traballos de Montse Pena “A muller contra a marea, Xohana Torres pioneira da literatura infantil galega” (2010) e de Dolores Vilavedra “70 anos de literatura galega” (2020) na revista *Grial*.

²¹ La Xalupa e Txalupa saila, en catalán e éuscaro.

²² I què? e Eta zer?, respectivamente.

como Baía Edicións (1990), que solo edita en gallego, o al nacemento de Kalandraka, especializada en álbum ilustrado para primeiros lectores.

Kalandraka (1998), editorial galega, comeza en 2000 a publicar no resto das linguas peninsulares, coeditando con Pamiela (vasco) e Edicions Hipòtesi (catalán; Luna Alonso 2012: 140) e continúa o seu labor coa distribución internacional destas a través de diferentes selos editoriais. Equilibra a súa edición de clásicos (vid. *infra*), por unha banda, coa creación de obras novas (Luna Alonso 2012: 140-141) a través de coleccións como Libros para soñar²³. Por exemplo, traduciu *Avós*, de Chema Heras, a todas as linguas peninsulares en 2002 (*Avis e Amama eta aitita*). Tamén importou LIX ao galego, como no caso de *A lúa de Xoán* (2015, *La lluna d'en Joan*, de Carme Solé Vendrell²⁴) ou de *Bechopoemas e outras bestas* (2019, *Xomorropoemak eta beste piztia batzuk*, de Leire Bilbao). De Kalandraka xurde OQO Editora en 2005, coa vocación da exportación internacional de textos galegos (Luna Alonso 2012: 142). Colabora no mercado vasco co selo editorial navarro Txalaparta, por exemplo, nas traducións da obra de Marisa Núñez Folla (Patacrúa): *Chocolata* e *Loboferoz* foron traducidos como *Xocolata* e *Llopferoç* (2006), *Txokolata* (2017) e *Otsomaltzur* (2017).

A LIX dá acollida a clásicos universais, como indica Mociño (2015: 109), adaptándoos para a rapazada, non só nas comunidades galega, vasca e catalá, senón en todos os mercados de LIX. A inclusión de clásicos nestas coleccións supón unha dobre garantía de éxito: “o renome da obra garante o interese do comprador, e o tipo de colección no que se insire supón en certa medida unha garantía de compra” (Buján Otero 2007: 901). Deste xeito, adáptanse clásicos universais da LIX, como *O traxe novo do rei* (*El vestit nou del rei* e *Erregearen traje berria*, en versión de Xosé Ballesteros no ano 2001), e tamén se traducen obras canónicas de LA na cultura orixe. No caso galego, os exemplos máis representativos son *Memorias dun neno labrego* (*Memòries d'un nen de pagès*, en 1985, e *Mutiko baserritar baten oroitzapenak*, en 1988) e *Cartas a Lelo* (*Cartes a Nel·lo*, 1995), de Xosé Neira Vilas, mais tamén se importan clásicos pasados polo filtro da LIX: do catalán tradúcense as obras de Manolo de Pedrolo *Xogo sucio*, *Traxecto final*, *Círculo vicioso* e *Mecanoescrito de segunda orixe* na colección Árbore da Editorial Galaxia²⁵ e do éuscaro, algunhas obras de Bernardo Atxaga, como *Cando a serpe mira o paxaro* ou *Memorias dunha vaca*.

²³ Llibres per a somniar e Amets egiteko liburuak, respectivamente.

²⁴ Premio Generalitat De Catalunya de Ilustración e unha das 100 obras da LIX española do s. XX segundo a Fundación Germán Sánchez Ruipérez.

²⁵ Estas obras foron lecturas obrigatorias do bacharelato nos anos 90 (Buján Otero 2007: 901).

No anexo 1 pódense consultar as tres táboas coas autorías máis traducidas do catalán, do éuscaro e do galego, respectivamente. No caso do catalán, traducíronse 339 obras (fronte ás 60 obras de LA, o cal supón o 85% da tradución²⁶) de 158 autores e autoras diferentes. En media, hai algo máis de dúas obras por autoría, con 97 autores e autoras que só contan cunha única tradución (máis do 60%). Entre as máis traducidas están as obras de Teresa Sabaté i Rodié (17 obras traducidas), Montse Ganges (13), Teresa Duran i Aremengol (12), Joles Sennell (12) e Pasqual Alapont (10), das que se escolman as primeiras traducidas ao galego, as últimas e as galardoadas na táboa 1 do anexo. As e os tradutores que máis traduciron desde o catalán, dun total de 99, foron María do Carme Hermida Gulías (26 traducións), José Ignacio Chao Castro (25), Xoán Babarro (16), Damián Villalaín (14), Francisco Xavier Senín Fernández (13) e Manuel Rico Vereá (12), en editoriais como Sotelo Blanco, Galaxia, Xerais, Combel, Argos Vergara, Baía e Rodeira.

Como se verá máis abaixo, a tradución do éuscaro é principalmente de títulos de LIX, “con títulos como *Helena e o solpor* de Juan Kruz Iguerabide (Galaxia, Costa Oeste, 2001) e *O paxaro no corno do touro* de Joxan Ormazábal (Galaxia, Col. Bambán, 1999).” (Buján Otero 2007: 907). Desta lingua traducíronse 60 obras (fronte ás 21 de LA, un 74% do total) de 27 autorías diferentes, cunha media semellante de traducións/autoría (algo máis de dúas) e de autores/as cun só título traducido (18, un 60%). As autorías cimeiras son Mariasun Landa (12 obras traducidas), Patxi Zubizarreta (8), Bernardo Atxaga (5) e Juan Kruz Igerabide (5), de quen se escolman as obras máis representativas na táboa 3 do anexo. Moitos deles son tamén autores de obras de LA, como Atxaga, e tradutores de LIX e LA ao éuscaro. Das 32 persoas tradutoras de LIX vasca, as máis prolíficas foron José Ignacio Chao Castro²⁷ (7 traducións), Xesús Carballo Soliño (7) e María do Carme Torres París (6), baixo editoriais como Galaxia, Xerais, Faktoría K de Libros (selo de Kalandraka) e Ir Indo.

Finalmente, na exportación da LIX galega hai 235 obras traducidas ao catalán (78% fronte ás 67 obras de LA) e 129 ao éuscaro (80,6% fronte ás 31 de LA) de 98 autorías diferentes (89 ao catalán, 52 ao éuscaro) e cunha media de 2,5 obras por autoría. 39 destas persoas só viron a súa obra traducida unha vez, cunha porcentaxe moito menor ca nos casos anteriores (39% fronte aos valores anteriores de máis de 60%). O canon da LIX galega está conformado por autoras e autores consagrados nos Premios Nacionais de LIX como Paco Martín (1985, *Das cousas de Ramón Lamote*), Xavier P. Docampo (1995, *Cando petan na porta de noite*), Fina Casalderrey

²⁶ Consonante co dato de Comellas (2016: 137), 87%.

²⁷ Tradutor, daquela, tanto do catalán como do éuscaro.

(1996, *O misterio dos fillos de Lúa*) e Agustín Fernández Paz (2008, *O único que queda é o amor*), xunto a outros como Antonio García Teijeiro e Antón Cortizas (Luna Alonso 2012). Particularmente, no espazo Galeusca as autorías máis traducidas son Agustín Fernández Paz (55 obras traducidas ao éuscaro e ao catalán), Fina Casalderrey (38), Xosé Ballesteros (15), Marilar Aleixandre (13) e Xavier P. Docampo (11), de quen escolmamos algunhas obras salientábeis na táboa 3 do apéndice 1. Canto ás persoas que traducen, no caso catalán salientan, das 102 totais, Josep Franco Martínez (26 traducións), Ariadna Martín Sirasols (23), Pau Joan Hernández (19), Albert Jané (9) e Francesc Boada i Moret (8), nas editoriais Edicions Bromera, OQO, La Galera, Kalandraka, Cruïlla e Barcanova. No caso vasco, das 49 persoas tradutoras destacan Koldo Izaguirre Urreaga (27 traducións), Joxantonio Ormazabal (11), Arkaitz Gokoetxeak (9) e Manu López Gaseni (8), baixo selos editoriais como Elkar, Kalandraka, Erein ou Pamiela.

O avance da LIX e da súa tradución nestes corenta anos foi moi marcado, pasando desde algunhas traducións puntuais ao desenvolvemento dun mercado propio e autónomo. En palabras de Mera (2004) recollidas por Luna Alonso (2012: 147), “de ser marxinal, un subproduto de escaso interese editorial, nas mans duns cantos iniciados conscientes da importancia do que tiñan entre mans, pasamos a ver que estamos nun momento no que a nosa literatura para os máis novos é pioneira alén fronteiras” (Mera 2004 ápod Luna Alonso 2012: 147). A relación co resto das linguas ibéricas é forte, malia que as traducións “todavía no son suficientemente representativas, a pesar de apuestas como las de Kalandraka” (Luna Alonso 2012: 144). Cumpriría, na opinión desta autora, un apoio institucional do goberno autonómico máis claro, como o que realizou en 2008 para a importación e a exportación de LIX (2012: 144-146). Xaora, pese o panorama de tradución masiva de LIX fronte á reducida tradución de LA, que pode resultar desesperanzador, Consentla (1996 ápod Buján Otero 2007) defende que potenciar a LIX ten un efecto proveitoso “a curto, medio e longo prazo, ó irmos gañando lectores futuros para o galego”, como os que apareceron nas décadas dos 90 e do novo milenio.

4.2 A literatura para público adulto

A LA, de catálogo máis reducido, vai ser analizada de xeito pormenorizado, tendo en conta os circuítos e as direccións de tradución coa nómina completa, que pode consultarse no anexo 2.

4.2.1 Do catalán ao galego




Figura 5. Traducións do catalán ao galego por ano. Elaboración propia.

Como se pode observar na figura 5, no circuít catalán en galego publícanse cada ano menos de 5 obras (agás no 2019, con 6 obras traducidas), cunha media de 1,5 títulos por ano. A tendencia a alza é clara: mentres que na primeira década só se publicaron 3 obras, na segunda xa se publicaron 21, na primeira década do milenio, outras 21, e na última década estudada, 15, constatando así unha desaceleración das traducións por mor dos cambios nas políticas de tradución e da crise económica. O dato de traducións do último ano estudado, 2019, excepcional por superar a tradución de LA á de LIX, deixa entrever unha certa recuperación que haberá que contrastar no futuro, a teor das circunstancias derivadas da pandemia de COVID-19.

As 60 obras traducidas de 51 autoras e autores distribúense xenericamente como se indica na seguinte figura 6. O xénero máis traducido é a poesía (33%), seguido da novela (32%) e do ensaio (25%). Canto á nómina autorial, “do catalán predominan as obras e autores clásicos ou autores pertencentes ó canon da literatura de orixe” (Buján Otero 2007: 902). É curioso que a meirande parte desta nómina só conta cun único título traducido, achegando unha panorámica da literatura catalá ao público galego mais sen afondar en ningunha autoría canónica, agás

contados casos, os de Quim Monzó, Antoni Marí, Rafael Lluís Ninyoles Monllor, Miquel Àngel Riera e Jordi Sierra i Fabra, de quen se traduciron dúas ou tres obras.




Figura 6. Distribución de xéneros na LA do catalán ao galego. Elaboración propia.

No narrativo, aínda que hai unha colectánea de contos (*Contos de África*) e de relatos (*Vinte e nove contos*, de Quim Monzó ou *Se comes un limón sen facer xestos*, de Sergi Pàmies), o formato máis exitoso é a novela. Salientan as dos autores máis consagrados como Manuel de Pedrolo (*Mecanoscrito da segunda orixe*, tamén traducido como LIX), Quim Monzó (*A magnitude da traxedia*, *Mil cretinos*), Joan Perucho (*Monstruario fantástico*, moi achegado estética e persoalmente a Cunqueiro segundo Buján Otero 2007: 902), Mercè Rodoreda (*A praza do diamante*, cunha adaptación cinematográfica previa segundo Vilavedra 2015) ou Jesús Moncada (*Camiño de sirga*). Tamén destacan o poeta Miquel Àngel Riera (*Fuxida e martirio de San Andreu Milá*, na colección “Grandes do noso tempo” de Xerais), Antoni Marí (*O vaso de prata*), o autor de LIX Jordi Sierra i Fabra (*As palabras feridas*, *O que eu creo (de todo)*), Jaume Cabré (*Señoría*), Jaume Cela (*Silencio no corazón*), Antoni García Llorca (*A besta moura*), Pere Tobaruela (*Poñente*)²⁸ ou Rafael Arnal (*Putá miseria*), que saíron ao prelo da man de editoras consolidadas como Galaxia, Xerais, Edicións Positivas ou Edicións do Cumio. Tamén outras editoras máis pequenas, como Hugin e Munin (*As valgadas bravas*, de Raimon Casellas), Ézaro (*A pel fría*, Albert Piñol), Doutor Alveiros (*Pan negro*, de Emili Teixidor, Premio Nacional de Literatura en 2004 e adaptado ao cinema) ou Faktoría K de

²⁸ Este autor catalán tamén conta con obras orixinais en galego, nomeadamente de LIX xunto a Leticia Costas (Pereledi) e a Ana Isabel Boullón, tradutora desta novela ambientada en Galiza.

Libros (*A memoria da árbore*, de Tina Vallés) intentaron mergullarse con maior ou menor éxito na tradución da novela catalá.

Na edición poética salientan as antoloxías bilingües, tanto de varias autorías (*Mostra antolóxica de poetas contemporáneos: ingleses, franceses, italiáns e cataláns*, *Trece poetas cataláns*, *Vinte poetas baleares* ou a *Antoloxía poética* de Galeusca) como de autor/a, como as de Blai Bonet, Miquel Cosa i Llobera (*Un vol d'inefable poesia*), Lluís Alpera (*Laranxa de ceo en novembro*, traducida polo seu íntimo amigo Mendez Ferrín segundo Buján Otero 2007), Josep M. Llompart, Miquel Àngel Riera, Bartomeu Rosselló-Pòrcel e María Villangómez Llobet (*Un voo de paxaros*). Tamén se traducen poemarios, a miúdo dos novos expoñentes da poesía, como *Lingua de ántrax* (Anna Gas Serra), *Miradas que duran* (Álex Susanna), *Coas costas dobradas* (Pau Vadell i Vallbona), *Home ao mar: válido para unha viaxe* (Pau Galin Gener), *Ferro e ameixas* (Carles Bellsolà), *Tríptico* (Antoni Marí) ou a consagrada obra de Jacint Verdaguer *A Atlántida*, autor da Renaixença, e de Joan Salvat-Papasseit, *Divisas e poemas*, representante do futurismo catalán. Na tradución poética salienta Edicions Espiral Maior, que publicou unha decena de traducións de Xavier R. Baixeras, e as editoras pequenas como Chan da Pólvora, Urutau ou Tris-Tram.

Fronte á reducida nómina teatral (*Desertos* de Josep Pere-Peyró, *O teléfono: Monólogo en doce instancias*, de Joan Cavallé, ambos publicados en editoras pequenas), salienta neste circuío a tradución de ensaio literario, promovida por Edicions Laivento e tamén por Edicions Positives. A primeira destas ten unha política editorial de “achegar obras que inciten á discusión política” (Buján Otero 2007: 903), co cal traducen textos que tratan a cuestión nacional (*O nacionalismo na era tecnolóxica*, de Xavier Duran; *A construción da identidade e outros traballos de historia*, de Josep Fontana; *Os nacionalismos perigosos*, de Josep Huguet e Joan Maria Serra Sala; *O nacionalismo español*, de Josep Sort i Jané; e *Seis rostros do nacionalismo en Europa*, de Jordi Ventura). O resto de editoras tamén traducen ensaios sobre o conflito lingüístico (*Mal de linguas: arredor dos prexuízos lingüísticos*, de Jesús Tusón; *Unha lingua é un mercado*, de Jesús Royo; *Estructura social e política lingüística e Idioma e poder social*, de Rafael Luís Ninyoles Monllor; e *O entusiasmo reflexivo*, conxunto de ensaios de Vicenç Llorca), sobre Galiza (*Viaxe por Galicia: de Ribadeo a Tui*, de Josep Pla ou *Rosalía non estaba alí*, de Teresa Pàmies) ou sobre outras cuestións políticas (*A ditadura da incompetencia*, de Xavier Roig; *Piratas da liberdade*, de Xavier Montanyà Atoche; e *Economía para un futuro sustentable*, de Vicent Cucarella). Cómpre destacar o labor do tradutor Antón Garazo neste xénero.

4.2.2 Do éuscaro ao galego




Figura 7. Traducións do éuscaro ao galego por ano. Elaboración propia.

Cunha breve ollada á figura 7 é fácil decatarse de que a tradución de LA do éuscaro ao galego é un feito moi recente: nas dúas primeiras décadas non se traduciu ningunha de LA. A nómina é moi reducida, con só 21 obras de 14 autorías, e a tendencia non está aínda consolidada, con menos de 3 títulos por ano e unha media de 1 título/ano no novo milenio. Para este reducido número hai dúas explicacións: a novidade da tradución literaria desde o éuscaro en xeral (Kortazar 1998 ápid van Hooft 2001: 54), e “a falta de textos traducidos de linguas de menor difusión, tanto de linguas minorizadas [...] como de literaturas pouco traducidas” no caso galego (Buján Otero 2007: 907). As causas disto último son, “por unha banda, a falta e tradutores cualificados para desenvolver esta tarefa e, pola outra, a inexistencia dun programa de traduccions razoable que inclúa obras representativas das diversas culturas do mundo” (Gómez Clemente 1995 ápid Buján Otero 2007: 907). Ademais, cómpre ter en conta que moitas das obras vascas pasaron polo filtro da LIX, como algunhas de Atxaga.




Figura 8. Distribución de xéneros na LA do éuscaro ao galego. Elaboración propia.

Canto aos xéneros traducidos, aínda que a poesía ten un peso importante (33%), o xénero por excelencia é o narrativo, con 52% de novelas e 10% de relatos. A diferenza de no caso anterior, non hai ensaios literarios²⁹ nin obras teatrais traducidas, aínda que si un cómic, *A vitoria final* (2014) de Julen Ribasen. As obras traducidas forman parte da literatura contemporánea (van Hooft 2001: 55); aínda que, por sorte, no caso galego contamos cunha nómina autorial variada, o autor máis traducido é Bernardo Atxaga, que en moitos casos da extratradución vasca é o único traducido, “lo que demuestra un desequilibrio entre la imagen interna y externa que ofrece la literatura vasca” (Manterola 2016: 196). De Atxaga contamos coa tradución de dúas novelas, *O fillo do acordeonista* (Premio da Crítica 2003) e *Sete casas en Francia*, así como da colección de relatos *Obabakoak* (Premio Nacional de Narrativa 1988, a obra máis traducida do autor, que contan cunha adaptación cinematográfica).

No caso éuscaro é claro o valor que teñen os premios literarios na tradución, ao suscitaren a tradución exterior. “El Premio Nacional de Narrativa es el caso más claro: después de obtener dicho premio tanto Atxaga (1989) como Elorriaga (2002) y Uribe (2009) se han hecho eco tanto en el ámbito español como en mercados internacionales” (Manterola 2016: 195). Abofé, no caso galego os criterios de elección na narrativa son estes tres autores tan galardoados (Vilavedra 2015: 138): de Unai Elorriaga traducíuse *Un tranvía cara a SP* (Premio Nacional), *O pelo de Van't Hoff* e *Vredaman* na Editorial Galaxia, e de Kirmen Uribe, *Bilbao-New York-Bilbao* (Premio Nacional de 2009 e finalista do Premio Lois Tobío de Tradución 2011) e *A*

²⁹ Buján Otero 2007 indica o ensaio *Nacionalismos no mundo*, de Francisco Letamendía, mais en Bitraga aparece como unha tradución do castelán.

hora de espertarmos xuntos. Así, amplíase a nómina de narrativa alén do autor máis traducido a través destas tres apostas, ademais doutras traducións como *Frechas no tellado* (Asier Serrano, colección de relatos), *Felicidade perfecta* (Anjel Lerxundi Esnal), *Pasaia blues* (Harkaitz Cano), *eSPedición: o poder dunha montaña* (Juan Ramón Madariaga) ou *O xogo das cadeiras* (Uxue Alberdi Estibaritz). Na edición de narrativa teñen peso as editoras consagradas (Galaxia e Xerais) e as de nova creación (Hugin e Munin ou Factoría K de Libros).

A tradución poética adoita realizarse a través de antoloxías bilingües, habitualmente da man de editoriais pequenas³⁰ como Letras de Cal (*A ponte das palabras*, antoloxía de poesía vasca da década dos 90), a Federación Galeusca (*Antoloxía poética*, editada por Pamiela Argitaletxea nas tres linguas) ou Factoría K de Libros (*Alén da fronteira: sete poetas vascos* ou a obra de Joseba Sarrionandia *Tempo de exilio*). Non é así o caso de *Lingua Vasconum Prmitiae*, de Bernard Etxepare³¹, traducido pola Euskaltzaindia en 2014, *Viaxe*, de Felipe Juaristi, publicado nunha colección de textos promovida pola Xunta de Galicia, ou a colección *Poetas itinerantes* (2016), do Consello da Cultura Galega, traducidas por parte de institucións públicas.

Na tradución do éuscaro ao galego hai que salientar o labor de Isaac Xubín, autor de 8 traducións sempre de maneira directa, sendo un verdadeiro promotor da tradución do éuscaro. Tamén cómpre sinalar o traballo de Ramón Nicolás Rodríguez e de Xesús Carballo Soliño, tradutores de Atxaga e de Elorriaga, malia que traduzan desde a edición castelá dos propios autores. Obsérvase claramente neste circuío a dependencia do castelán na recepción da literatura vasca que denuncia Manterola (2016: 195):

La recepción de la obra vasca en el exterior es totalmente dependiente no tanto del éxito recibido en el sistema vasco, sino de la recepción que se haya tenido en el sistema español. Con frecuencia, las traducciones hacia otras lenguas se han iniciado con posterioridad al éxito obtenido en el mercado español. Y además muchas de esas traducciones se realizan de manera indirecta, tomando como texto fuente la versión española, [...] que no en raras ocasiones suele estar firmada por el mismo autor de la obra original.

³⁰ Na terminoloxía de Pierre Bourdieu, “los mecanismos de consagración en el ámbito de la poesía no se fundamentan en el campo de la gran producción, sino en el campo de la producción restringida” (Rábade Villar: 273).

³¹ Autor do primeiro libro coñecido da literatura en éuscaro; é unha excepción á tendencia pola tradución contemporánea.

4.2.3 Do galego ao catalán e ao éuscaro




Figura 9. Traducións do galego ao catalán por ano. Elaboración propia.




Figura 10. Traducións do galego ao éuscaro por ano. Elaboración propia.

A exportación da literatura galega no ámbito Galeusca ten maior peso que a importación: ao catalán traducíronse 67 obras de LA fronte ás 60 importadas, e ao éuscaro, 31, fronte á importación de 21. Como se observa nas figuras 10 e 11, ao longo destes anos traducíronse de xeito máis ou menos constante arredor de 1,675 obras/ano ao catalán (cun máximo de 5 obras por ano e cunha tendencia lixeiramente ascendente) e 0,78 títulos/ano ao éuscaro (cun máximo de 2 obras por ano e cun moi leve crecemento). Ademais das diferenzas cuantitativas nestes dous mercados, con maior proxección no catalán, existen diferenzas acerca dos xéneros

traducidos. Curiosamente, no circuíto catalán comezouse traducindo máis poesía ca narrativa: nas dúas primeiras décadas só 6 das 23 obras foron novelas ou coleccións de relatos (26% do total) e a partir dos 2000 traducíronse 25 obras narrativas fronte a un total de 44 (57%). Pola contra, no circuíto vasco aconteceu ao revés: na primeira metade do período publicáronse 4 obras poéticas das 14 totais (28%), mentres que no novo milenio se publicaron 10, fronte a un total de 17 (59%).




Figura 11. Distribución de xéneros na LA do galego ao catalán. Elaboración propia.




Figura 12. Distribución de xéneros na LA do galego ao éuscaro. Elaboración propia.

Na distribución xenérica da exportación da LA galega, os datos son semellantes aos da exportación catalá e vasca. A poesía é un xénero cun grande peso, máis incluso na exportación, con porcentaxes de 42% na tradución ao catalán e de 45% na tradución ao éuscaro. A narrativa

toma o segundo lugar, cun 31% de novela, 13% de relatos e 2% de contos no caso catalán (46% en total) fronte ao caso vasco, cunha menor porcentaxe de novelas (16%) en favor da colección de relatos (23%) e de contos (3%; 42% de narrativa en total). O ensaio é un xénero menor (9% ao catalán, 6% ao éuscaro), aínda que por diante do teatro (2% e 7%) e doutras modalidades textuais, como o diario (*Mai més, diari urgent d'una catàstrofe*, de Suso de Toro).

Canto á nómina de autorías, ao catalán traducíronse obras de 45 autores/as, mentres que ao éuscaro, só de 23. En conxunto, traducíronse 55 autorías diferentes, entre as que destacan a narrativa e o ensaio de Suso de Toro (*Treze campanades, Home sense nom e Esdevenir humil: rituals per a després de Déus*, de narrativa, e *Mai més, Espanyols tots, Una altra idea d'Espanya e La Literatura, des de dins*, de ensaio, só ao catalán), Manuel Rivas (*Què vols de mi, amor?, Ella maleïda ànima, El llapis del fuster e Els llibres fan de mal cremar*, en catalán) e Castelao (*Coses, Gauzak, Betiko Biak [Os dous de sempre], Zirtzilak. Kristalezko begia [Retrincos. Un ollo de vidro] e Beti Galizan [Sempre en Galiza]*)³², cunha preferencia polos dous primeiros no circuítu catalán, narradores actuais de moito éxito no mercado ibérico e internacional, e polo último, no vasco, nos primeiros anos da democracia, posibelmente pola súa importancia na política en Galeusca.

Ademais destes tres autores, na narrativa temos unha representación tanto do canon literario galego como das novas apostas da narrativa contemporánea. Así, traducíronse obras de Blanco Amor (*La gresca*), Carlos Casares (*Il·lustríssima e Déu assegut en una butaca blava*), Méndez Ferrín (*Bretanya, Esmeraldina, L'amor del rei Artús i altres relats, Mugaldeko jendea [Arraianos] e Tagen atarako itzulera [Retorno a Tagen Ata]*, este último subvencionado por Bilbao Bizkaia Kutxa), Otero Pedrayo (*La literatura breu de ficció de R. Otero Pedrayo*), Carlos G. Reigosa (*Crim a Compotel·la*), Vicente Risco (*El porc dempeus*), Álvaro Cunqueiro (*Han-hemengo jendea [Xente de aquí e de acolá]*), Rafael Dieste (*Intxixuen Artxibotik [Dos arquivos do trasno]*) ou Ánxel Fole (*Kriseiluaren argipean [Á lus do candil]*). Da narrativa contemporánea, hai traducións de Domingo Villar (*L'últim vaixell*), Xosé María Álvarez Cáccamo (*La llum dels extraviats*), Diego Ameixeiras (*Digueu'm alguna cosa bruta*), Francisco Castro (*El cor de la Blancaneu e Iridium*, esta última en catalán e en éuscaro), Xurxo Xoán Estévez Gantes (*Espiral de dèries*), Agustín Fernández Paz (para público adulto, *No hi ha nit tan llarga*), Teresa Moure (*Herba d' enamorar*), Víctor Omgba (*Carreró sense sortida*), Alfonso Pexegueiro (*L'illa de les dones folles*), Séchu Sende (*La venedora de paraules e Made*

³² Curiosamente, Rosalía de Castro, que por veces personifica a literatura galega, só conta cunha antoloxía traducida ao éuscaro, posto que a súa obra xa fora traducida ao catalán por Joan Martí i Trenchs en 1917 (BC).

in Galiza, en éuscaro), María Solar Núñez (*L'expedició del doctor Balmis*), Carlos Vila Sexto (*Les set morts*), Fernando Manuel Cimadevila Botana (*Amets-lapurra [O ladrón de sueños]*) e Iolanda Zúñiga (*Vides Post-it e Post-it bizitzak*), así como a colección de contos de Chinto *Contes per a nens que s'adromen de seguida*. Daquela, fronte ao caso da importación, na exportación hai un certo equilibrio entre a narrativa máis canónica do século pasado e as novidades editoriais. As editoras que se centran na narrativa galega son Bromera, Proa e Tàndem, na catalanofonía, e Susa, Pamiela e Elkar, na vascofonía.

De novo, na poesía hai que salientar as antoloxías poéticas de autorías emerxentes e consolidadas, como *Sis poetes gallecs*, *Poetes gallecs d'avui*, *Poemes de Luis Pimentel i Celso Emilio Ferreiro* ou *Galegoz heldutako poemak [Poemas naufragos]*. Nas antoloxías multiautoriais, a miúdo se acompañan poemas galegos con outros do ámbito lusófono (*Poesia galaico portuguesa* e *Poesia gallega, portuguesa i brasileira moderna*), do ámbito ibérico (*Bruixes brúixoles – Brújulas brujas* e *La Nit de la poesia*) ou do ámbito Galeusca (*Poesia antologia = Antologia poètica* publicada pola Federación Galeusca, *Antologia*, con textos de Celso Emilio Ferreiro, Gabriel Aresti e Salvador Espriu, ou *Poetak ibiltariak [Poetas itinerantes]*). Tamén hai antoloxías de autor/a, como a de Fermín Bouza-Brey (1992), Martín Codax (1983, en catalán e éuscaro), Celso Emilio Ferreiro (1991, en catalán), Luís Pimentel (1982, en catalán), Luís G. Tosar (*Invocació d'un temps*, 2001), Rosalía de Castro (2017, en éuscaro) ou Manuel María (2005, en éuscaro). Algunhas destas antoloxías tradúcense ás catro linguas oficiais de España, como *Cançons per a quatre morts=Lau heriontzentzat kantak*, de José Sesto López, ou *La desaparició de la neu=Elurraren urtzea*, de Manuel Rivas. Quérese sinalar tamén a tradución da antoloxía de Xavier R. Baixeras, tradutor usual entre galego e catalán e un dos poucos casos de autotradución en Galeusca³³.

Alén da tradución de antoloxías poéticas, tamén se traducen libros de poemas da literatura galega, tanto de autorías consagradas como de novas creadoras. Do primeiro grupo existen traducións de Álvaro Cunqueiro (*Herba aquí o allà*), José María Díaz Castro (*Nimbes* e *Argikoroak*), Ángel José Valente (*Cantiques d'enllà*), Uxío Novoneyra (*Bazterrak [Os Eidos]*) ou mesmo Lois Pereiro³⁴ (*Poesia última d'amor i malaltia* e *Akaberako poesia amodioaz eta gaitzaz*). Finalmente, do segundo grupo contamos con poemarios como os de Fran Alonso

³³ Abofé, “a menudo los mediadores son asimismo poetas susceptibles no solo de antologar una determinada literatura nacional, sino también de ser acogidos como objeto de selección por esa misma tradición poética.” (Rábade Villar 2016: 281). É tamén o caso da poesía de Llompart, do catalán, e da LIX de Ormazabal, do éuscaro.

³⁴ Traducido após a celebración do seu Día das Letras Galegas, compartindo a mesma motivación de tradución que outros autores canónicos como Celso Emilio Ferreiro ou Eduardo Blanco Amor.

(*Balada solitària*), Xosé María Álvarez Caccamo (*Foc blanc*), Miguel Ano Fernán-Vello (*Llibre dels paisatges vius*), Cesáreo Sánchez Iglesias (*El rostre de la terra*), Miriam Ferradáns (*Noms de fum*), Gonzalo Hermo (*Celebració e La vida salvatge*) ou Claudio Rodríguez Fer (autoeditado en diversas linguas na editora A cabeleira, entre elas o éuscaro, coas obras *Adatsa (Zatiak)* e *Halabiz, kamarada*).

Xaora, aínda que moitas destas obras poéticas foron editadas en editoriais ben consolidadas, como Susa, Erein e Pamiela, no caso vasco, ou Bromera e Edicions 62, no caso catalán, percíbese a “proliferación de pequenas casas editoriais que [...] conviven con sellos máis tradicionais pero que, fronte a estos, han sabido edificar su prestigio en la apuesta por valores poéticos diferenciales” (Rábade Villar: 272-273), como Godall Edicions, Edicions del Buc ou Denonartean, de recente creación e cunha política editorial centrada na importación de textos poéticos innovadores, segundo recollen en cadanseu sitio web.

Finalmente, cómpre salientar algunhas das obras ensaísticas e teatrais traducidas do galego. Alén da tradución ao éuscaro de *Sempre en Galiza*, existen outros ensaios sobre o nacionalismo (*Manuel Martínez Murguia: Euskal jatorrikoa eta Galiziako Abertzaletasunaren Aintzindari [Manuel Martínez Murguía: de estirpe vasca e berce do nacionalismo galego]*, de Xosé Estévez), a economía (*La fal·làcia de l'economicisme*, de Carlos Mella), o feminismo (*Femicidi: Un nou ordre patriarcal en temps de submissió*, de Carme Adán) e a filosofía (*Les pors*, de Xavier Vila-Coia, autotraducido e autoeditado en catalán). As traducións de teatro son basicamente de obras canónicas, como *Procés a Jacobusland*, de Blanco Amor, *Berengela izeneko otarantza baten ibilketak eta biribilketak. Maitaza Zorabituaren pastoral* [*Berenguela. Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela. Auto do maio esmaiado*], de Manuel María, e *Agurreok maitemindu bear ez [Os vellos non deben de namorarse]*, de Castelao.

Na exportación da literatura galega no ámbito Galeusca, hai que sinalar o labor de Josep María Llompart (6 traducións), Lluïsa Soás (4), Pau Joan Hernández (4), Xavier R. Baixera (3) e Josep Franco Martínez (3), no ámbito catalán, e o de Koldo Izaguirre Urreaga (8), Ramón Etxezarreta, Bego Montorio e Íñigo Roque (2 cada un), no ámbito vasco. Estes mediadores culturais intentaron traspor unha imaxe da literatura galega que equilibra o canon literario orixe e a contemporaneidade.

4.3 O castelán como lingua de interposición

Na figura 13 obsérvanse as distintas porcentaxes sobre a direccionalidade das traducións segundo as linguas orixe e meta, isto é, sobre se a tradución entre galego, catalán e éuscaro é directa ou se media unha tradución intermedia. Este dato só aparece parcialmente en Bitraga e, ademais, en moitas das obras non aparece referido. Aínda que se podería elucubrar sobre se a obra dunha mesma persoa tradutora é ou ben directa, ou ben indirecta, o que permitiría reducir bastante esta indeterminación, sería unha operación pouco fiable: cando Bitraga non marca a direccionalidade é normalmente porque existen traducións a outras linguas do mesmo texto orixe (case sempre, ao castelán, mais tamén a outras linguas ibéricas nos casos de coedición) ou cando o ISBN etiqueta que a tradución é do ou ao castelán, o cal é un indicio (pouco claro) de que a tradución podería ser indirecta. Daquela, decidiuse non manipular os datos e manter a súa ambigüidade.




Figura 13. Porcentaxe de traducións directas, indirectas e dubidasas entre o catalán e o galego (laranxa), o éuscaro e o galego (verde), o galego e o catalán (azul) e o galego e o éuscaro (gris). Elaboración propia.

No caso da importación cara ao galego, polo menos un 37%, no caso do catalán, e un 25%, no caso do éuscaro, son traducións directas. En particular, a poesía e o ensaio (no caso do catalán) é o que se traduce máis habitualmente sen mediación doutra lingua; nestes xéneros as traducións son directas 81% e 66% das veces para o catalán, mentres que a tradución poética do éuscaro é directa nun 71% dos casos. As traducións indirectas son máis comúns na tradución da literatura vasca, con case un cuarto das traducións mediadas polo castelán, nomeadamente de LIX, mais tamén de narrativa adulta (Manterola 2016: 183): salientan tres obras de Bernardo

Atxaga, *O fillo do acordeonista*, *Sete casas en Francia* e *Obabakoak*, traducidas a partir da versión castelá; de feito, toda a obra deste autor, representante por excelencia da literatura vasca, foi traducida indirectamente (agás dúas obras, das que Bitraga non indica a direccionalidade) pola dificultade de atopar tradutoras entre galego e éuscaro.

No caso da exportación da literatura galega, os datos son máis optimistas: arredor da metade das obras son traducidas directamente, sendo a metade restante incerta. Non hai tantas diferenzas entre xéneros, agás nos casos das traducións indirectas, que maiormente se corresponden coa narrativa infantoxuvenil. Tampouco se aprecia unha evolución da tendencia ao longo do tempo: as traducións indirectas danse desde comezos do período (a *Homenaxe a Martín Codax*, traducida ás dúas linguas e publicada en 1983) até case finais (*Passin i vegin*, de 2014, e *Otsomaltzur*, de 2018, ambos relatos de LIX).

A interposición do castelán é denunciada por autores e autoras destes tres ámbitos (vid. Buján Otero 2007: 906, Comellas 2016: 136 e as citas anteriores deste apartado): esta lingua funciona “como altavoz pero también como filtro” (Comellas 2016: 136) para estas tres comunidades, o cal acrecenta a súa condición de subalternidade, influíndo na escolla de textos que xa fosen validados pola cultura hexemónica e invisibilizando as linguas de orixe das que se traduce. Cumpriría subverter esta situación escollendo obras que non pertencen ao repertorio hexemónico, formando tradutoras que fagan o seu labor sen versións intermedias e reforzando as relacións entre estas comunidades.

5. Conclusións

Neste traballo intentouse achegar unha panorámica das relacións entre as nacións de Galeusca no ámbito literario a través da tradución, nas últimas 40 décadas. Esta análise foi posíbel grazas ás bases de datos de Bitraga e do ISBN que, a pesar dos seus erros e da dificultade de navegar polas súas interfaces, constitúen dúas ferramentas moi acaídas na investigación das traducións no ámbito galego e estatal.

Se ben o obxecto de estudo é amplo, achegáronse algunhas conclusións importantes, como a importancia da LIX neste circuío, nomeadamente nos comezos do período democrático mais tamén cara ao final, coa “fase autónoma” da man de editoriais como Kalandraka ou OQO. Tamén, canto á LA, debulláronse as nóminas de obras e autorías traducidas, que buscan un equilibrio entre a transposición dos canons literarios de orixe e a innovación editorial, cun forte peso do xénero poético, do narrativo e do ensaístico, moitas veces motivado por razóns ideolóxicas por mor das semellanzas sociopolíticas entre estas comunidades. A exportación da literatura galega, tanto en números como en nómina, parece máis forte que á importación, onde os criterios de escolla son máis reducidos: os *best-sellers* da literatura vasca e as autorías máis sonadas da catalá. Con todo, en todos os circuíos o castelán actúa como mediador da tradución e das escollas, o cal é un síntoma da subalternidade destes sistemas literarios. Finalmente, acusouse un debilitamento das relacións en Galeusca na última década, posibelmente explicábel pola crise económica de 2008 e pola redución das axudas e subvencións ás editoriais que traducen, por mor de cambios ideolóxicos nos gobernos autonómicos.

A modo de resumo, as razóns para as escollas das traducións na exportación da literatura galega cara a espazos periféricos como o catalán e o vasco, segundo Galanes Santos (2012), son principalmente tres: o éxito comercial e a calidade literaria (isto é, a canonicidade), a empatía ideolóxica e cultural entre nacións minorizadas (“La función de estas traducciones es, en nuestra opinión, revitalizar un ideario cultural próximo en un espacio más minorizado que el de origen”, Galanes Santos 2012: 212) e a LIX con función normalizadora. Pola contra, na importación de literatura foránea ao mercado galego, para Buján Otero (2007: 909), ademais do canon literario fonte, sinala outras razóns: a referencia directa a Galiza, como a das obras da colección Galicia no espello de Galaxia, a novela *Poñente* ou os ensaios sobre a cuestión nacional de Laivento; a estética achegada dalgúns autores como Joan Perucho, achegado a Castelao, ou Lluís Alpera, a Méndez Ferrín; a edición de obras periféricas ou destinadas a formar parte da periferia no público meta, como a maioría de antoloxías poéticas; os intereses

persoais sobre determinados sistemas literarios, como as iniciativas persoais de Xavier Rodríguez Baixeras; os premios literarios, cun peso moi importante na importación da novela vasca; ou a circulación de traducións dentro de determinados círculos editoriais, como no caso das coedicións na LIX ou no da Federación Galeusca. As razóns que expoñen estas autoras, ás que habería que engadir a mediación castelá, non se limitan á importación ou á exportación, senón que son comúns a ambos circuítos e sintetizan bastante ben as tendencias tradutivas entre estas comunidades.

Unha das cuestións que resta por responder, coa que conclúen moitas das achegas consultadas, é se se está a traducir axeitadamente, isto é, se hai un plan e uns criterios nas escollas por parte dos axentes culturais implicados. No referente á importación, Buján Otero (2007: 909) defende que, “aunque hai elementos comúns nas escollas, semella non existir unha sistematización”, confirmando na década de 2000 o que denunciara Susana Cruces na época 1981-1991: “o que denota o panorama das importacións ata aquí exposto é a total ausencia de calquera directriz teórica que rixa a selección das mesmas. Tradúcese un pouco ao azar, por motivacións persoais ou apetencias propias, nin tan sequera por moda” (Cruces 1993 ápu d Buján Otero 2007: 909). Con todo, non hai que esquecer os profundos cambios que experimentou a tradución en Galiza nos últimos 40 anos: “Los resultados de estas transformaciones son, en términos generales exitosos, si utilizamos como parámetro para medirlo la retroalimentación, es decir, la visibilidad de la cultura gallega en el exterior” (Galanes Santos 2015: 61). Así e todo, aínda quedan moitos ocos por encher, como a tradución teatral ou de moitas das autorías canónicas e máis comerciais, como Domingo Villar ou as últimas galardoadas no Día das Letras Galegas, por poñer dous exemplos.

Esta falta de sistematización parece estenderse na década dos 2010, coa baixada do orzamento nas axudas á tradución e, xa que logo, da nómina traducida. Malia os esforzos de certos axentes moi comprometidos coa tradución (editoras e tradutoras), a ausencia de apoios claros da administración e os cuestionábeis criterios de adxudicación de axudas, que premian indistintamente tanto traducións innovadoras cun certo impacto no mercado editorial galego como outras traducidas do castelán ou do portugués, “perfectamente accesibles na súa lingua orixinal” (Buján Otero 2007: 910), imposibilita a creación de plans ríxidos para a tradución. En palabras de Galanes Santos (2015: 61), “se hace necesaria una planificación rigurosa con objetivos claros que tenga en cuenta los antecedentes enunciados, todos los agentes implicados en la traducción, en tanto que sector cultural estratégico, además de la tensión entre globalización y diferencia”.

En suma, nestes corenta anos a tradución no ámbito Galeusca incrementouse notabelmente tanto en números como en axentes e xéneros traducidos, coa chegada e posterior supremacía da LIX. Os datos do último período, motivados pola ausencia dun apoio institucional suficiente, parecen síntoma dun certo debilitamento das relacións entre Galiza, Euskadi e Cataluña, que se cadra habería que reforzar para un beneficio común de cadanseus sistemas literarios e culturais.

Bibliografía

Fontes

Bitraga = Montero Küpper, Silvia (coorda.) (2003-actualidade): *Biblioteca da tradución galega (BITRAGA)*. Vigo: Universidade de Vigo, Facultade de Filoloxía e Tradución.
<<http://bibliotraducion.uvigo.es/bibliotraducion/>> [Consulta: 06/07/2023]

BC = *Catàleg de la Biblioteca de Catalunya*. Barcelona: Generalitat de Catalunya.
<<https://www.bnc.cat/Catalegs>> [Consulta: 06/07/2023]

BUSC = *Catálogo da Biblioteca Universitaria da Universidade de Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
<<https://www.usc.gal/gl/servizos/area/biblioteca-universitaria>> [Consulta: 06/07/2023]

EDI-RED = *Editores y Editoriales Iberoamericanos (siglos XIX-XXI) – EDI-RED*. Alacant: Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes.
<https://www.cervantesvirtual.com/portales/editores_editoriales_iberoamericanos/>
[Consulta: 06/07/2023]

ISBN = *Base de datos de libros editados en España*. Madrid: Axencia Española do ISBN.
<<https://www.culturaydeporte.gob.es/cultura/libro/isbn/base-de-datos-de-libros.html>>
[Consulta: 06/07/2023]

NdN = *NOR da NOR. Euskal itzulpengintzaren datu-basea* (2014-actualidade). Donostia: Asociación EIZIE. <<https://nordanor.eus/>> [Consulta: 06/07/2023]

Referencias bibliográficas

Buján Otero, Patricia (2007): “A traducción literaria ó galego dende outras linguas da Península”, en Helena González Fernández Árbore / María Xesús Lama López (coordas), *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da Península. Baelona 28 ó 31 de maio de 2003*, vol. 2. Sada: Edición do Castro / Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) / Filoloxía Galega (Universitat de Barcelona), 899-910.
<<https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2944875>> [Consulta: 20/06/2023]

Comellas Casanova, Pere (2016): “La traducción literaria en el ámbito catalán (y un apunte sobre el aranés)”, en Iolanda Galanes Santos / Ana Luna Alonso / Silvia Montero Küpper

/ Áurea Fernández Rodríguez (edas.), *La traducción literaria. Nuevas investigaciones*. Granada: Editorial Comares, 133-152.

Galanes Santos, Iolanda (2012): “Minorías y mercados emergentes para la traducción de obra gallega”, en Áurea Fernández Rodríguez / Iolanda Galanes Santos / Ana Luna Alonso / Silvia Montero Küpper (edas.), *Traducción de una cultura emergente. La literatura gallega contemporánea en el exterior*. Berna: Peter Lang, 201-222.

Galanes Santos, Iolanda (2015): “Literaturas extranjeras en la cultura gallega”, en Ana Luna Alonso / Áurea Fernández Rodríguez / Iolanda Galanes Santos / Silvia Montero Küpper (edas.), *Literaturas extranjeras y desarrollo cultural. Hacia un cambio de paradigma en la traducción literaria gallega*. Berna: Peter Lang, 43-61.

Kremnitz, Georg (2012): “Convergencias / Divergencias de comunidades lingüísticas en el marco español”, en Henrique Monteagudo (ed.), *Linguas, sociedade e política. Un debate multidisciplinar*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 43-74.

Losada, Basilio (2015): “Prólogo”, en Ana Luna Alonso / Áurea Fernández Rodríguez / Iolanda Galanes Santos / Silvia Montero Küpper (edas.), *Literaturas extranjeras y desarrollo cultural. Hacia un cambio de paradigma en la traducción literaria gallega*. Berna: Peter Lang, 7-8.

Luna Alonso, Ana (2012): “La proyección de la literatura infantil y juvenil gallega”, en Áurea Fernández Rodríguez / Iolanda Galanes Santos / Ana Luna Alonso / Silvia Montero Küpper (edas.), *Traducción de una cultura emergente. La literatura gallega contemporánea en el exterior*. Berna: Peter Lang, 129-148.

Luna Alonso, Ana / Áurea Fernández Rodríguez (2015): “La literatura importada en Galicia desde 1980”, en Ana Luna Alonso / Áurea Fernández Rodríguez / Iolanda Galanes Santos / Silvia Montero Küpper (edas.), *Literaturas extranjeras y desarrollo cultural. Hacia un cambio de paradigma en la traducción literaria gallega*. Berna: Peter Lang, 9-13.

Manterola Agirrezabalaga, Elizabete (2016): “La traducción literaria en el País Vasco”, en Iolanda Galanes Santos / Ana Luna Alonso / Silvia Montero Küpper / Áurea Fernández Rodríguez (edas.), *La traducción literaria. Nuevas investigaciones*. Granada: Editorial Comares, 177-204.

- Mociño González, Isabel (2015): “Literatura Infantil y juvenil gallega: la importación de traducciones”, en Ana Luna Alonso / Áurea Fernández Rodríguez / Iolanda Galanes Santos / Silvia Montero Küpper (edas.), *Literaturas extranjeras y desarrollo cultural. Hacia un cambio de paradigma en la traducción literaria gallega*. Berna: Peter Lang, 105-126.
- Montero Küpper, Silvia (2015): “Situación de partida y análisis de las iniciativas de apoyo a la traducción en Galicia”, en Ana Luna Alonso / Áurea Fernández Rodríguez / Iolanda Galanes Santos / Silvia Montero Küpper (edas.), *Literaturas extranjeras y desarrollo cultural. Hacia un cambio de paradigma en la traducción literaria gallega*. Berna: Peter Lang, 15-42.
- Montero Küpper, Silvia (2016): “Políticas para la traducción de textos literarios”, en Iolanda Galanes Santos / Ana Luna Alonso / Silvia Montero Küpper / Áurea Fernández Rodríguez (edas.), *La traducción literaria. Nuevas investigaciones*. Granada: Editorial Comares, 53-72.
- Rábade Villar, María do Cebreiro (2016): “Lecciones de economía poética. La traducción de poesía en Galicia, Euskadi y Cataluña (2010-2015)”, en Iolanda Galanes Santos / Ana Luna Alonso / Silvia Montero Küpper / Áurea Fernández Rodríguez (edas.), *La traducción literaria. Nuevas investigaciones*. Granada: Editorial Comares, 271-286.
- Ramallo, Fernando (2016): “As linguas minorizadas no Estado español”, *82 Congreso do PEN Internacional*. Ourense: Centro PEN Galicia, 1-10.
<https://www.researchgate.net/publication/309113378_As_linguas_minorizadas_no_Estado_espanol> [Consulta: 16/07/2023]
- van Hooft Comajuncosas, Andreu (2001): “El ser o no ser de las literaturas periféricas del estado español. El acercamiento de los sistemas literarios vasco, gallego, catalán y castellano desde sus traducciones y su recepción (1990-1998)”, en Javier Gómez-Montero (ed.), *Beiträge zur Romanistik. Minorisierte Literaturen und Identitätskonzepte in Spanien und Portugal*, vol. 5. Darmstadt: Wiss. Buchges., 41-72.
- Vilavedra, Dolores (2015): “La importación de narrativa en Galicia, a la búsqueda de orientación”, en Ana Luna Alonso / Áurea Fernández Rodríguez / Iolanda Galanes Santos / Silvia Montero Küpper (edas.), *Literaturas extranjeras y desarrollo cultural. Hacia un cambio de paradigma en la traducción literaria gallega*. Berna: Peter Lang, 127-141.

Anexo 1. Autorías máis traducidas da LIX

Táboa 1. Autorías máis traducidas da LIX catalá		
Autor/a	Nº	Exemplos
Teresa Sabaté i Rodié	17	<i>A andoriña viaxeira</i> (2002), <i>¡Boas noites!</i> (2002), <i>Chámome Asetu</i> (2002) e <i>Nin laranxa nin lila</i> (2002).
Montse Ganges	13	<i>Unha mosca no caldo</i> (1989) e a colección “Caball volador. Zoo” (2011).
Teresa Duran i Aremengol	12	<i>Carta da lúa</i> (1987), <i>Pim, pam, pum, mazá</i> (1989), <i>Xela mirona</i> (1990) e <i>Mila vai á escola</i> (1998).
Joles Sennell (Josep Albanell)	12	<i>Contos de cores</i> (1984), <i>Quero ser un micho</i> (1989), <i>A rosa de san Xorxe</i> (1991), <i>A bruxa desdentada</i> (2005) e <i>Dor de rosa e outros contos</i> (2010).
Pasqual Alapont	10	<i>A ovella negra</i> (2001), <i>O inferno de Marta</i> (2004), <i>O caderno laranxa de Morgana</i> (2011) e <i>Morgana a dos ollos verdes</i> (2012).
Ricardo Alcántara Sgarbi	8	A colección “Pip” (6 títulos entre 1987 e 1988), <i>Querouak</i> (1988) e <i>O voo do coello</i> (1989).
Mercé Company González	7	<i>A cidade das estrelas</i> (1983), <i>A estreliña</i> (1985) e <i>O gato meu</i> (1994)
Enric Lluch	7	<i>Xalop, Bori-bori e o bandido Faldriqueiras</i> (2000), <i>Un frasco de caramelos</i> (2005) e <i>Almas de algodón</i> (2015)
Juanolo (Juan Ortega)	6	A colección “¡Que corpo!” (2003).
Andreu Martín e Jaume Ribera	6	<i>Flanagan de luxe</i> (1994) e outros títulos co mesmo protagonista até 2006.

Táboa 2. Autorías máis traducidas da LIX vasca

Autor/a	Nº	Exemplos
Mariasun Landa	12	<i>A tenda da Pepa</i> (1984), <i>Irma</i> (1990), <i>Cando os gatos se senten tan sós</i> (2000), <i>Elefante corazón de paxaro</i> (2001) e <i>Chan, a pantasma</i> (2007).
Patxi Zubizarreta	8	<i>O pastel dos venres</i> (1998), <i>Magalí por fin o sabe</i> (2000), <i>De fel e mel</i> (2001), <i>Arroz e tinta</i> (2006) e <i>Os tres amigos</i> (2008).
Bernardo Atxaga	5	<i>Dúas letters</i> (1990), <i>Cando a serpe mira o paxaro</i> (1995), <i>Memorias dunha vaca</i> (1998), <i>Un espía chamado Sara</i> (1998) e <i>A xente da miña aldea</i> (2005).
Juan Kruz Igerabide	5	<i>Doña soñadora</i> (1996), <i>Helena e o solpor</i> (2002) e <i>Munia dorme baixo a manta</i> (2008).
Joxantonio Ormazábal	3	<i>O Pedro Pillabán: conto popular vasco</i> (1983) e <i>Soños de circo</i> (2009).
Itziar Zubizarreta Aierbe	3	<i>O monstro</i> (1991) e <i>Quero vivir a brincos</i> (1992).

Táboa 3. Autorías máis traducidas da LIX galega

Autor/a	Nº	Exemplos
Agustín Fernández Paz	55	<i>Les flors radioactives</i> (1991), <i>Contes per paraules</i> (1991), <i>Carte d'hivern</i> (1997), <i>Avinguda del Parc, 17</i> (1999), <i>La fugida del mar</i> (2005) e <i>El somni de la Merla Blanca</i> (2018) en catalán, <i>Iragarki-Ipuinak</i> (1992), <i>Itsasoak ihes</i> (2005) e <i>Elurte amaiezina</i> (2006) en éuscaro.
Fina Casalderrey	38	<i>Mutacions genètiques: els lladres de la ciència</i> (1992), <i>Dues llàgrimes per Màquina</i> (1993), <i>L'estany dels ànecs pobres</i> (1996), <i>Isha, nascuda del cor</i> (2006) e <i>Història de la bicicleta d'un home llangardaix</i> (2016) en catalán, <i>Puf! Hau nazka!</i> (1997), <i>Bi malko Makinarengatik</i> (1999), <i>Ez ezkondu, aita!</i> (2009) e <i>Mattinen beldur-kutxua</i> (2011) en éuscaro.
Marisa Núñez Folla (Patacrúa)	20	<i>La zebra Camil-la</i> (2000), <i>El pollet plomat</i> (2001), <i>Lloferoç</i> (2006) e <i>Ous durs</i> (2007) en catalán, <i>Kamila Zebra</i> (2000), <i>Oilasko luma txatxua</i> (2001) e <i>Otsomaltzur</i> (2018) en éuscaro.
Xosé Ballesteros	15	<i>Els set cabritdets</i> (2000), <i>El vestit nou del rei</i> (2001) e <i>Els tres porquets</i> (2016) en catalán, <i>Zazpi antxumeak</i> (2000), <i>Erregearen traje berria</i> (2001) e <i>Hiru hartzak</i> (2018) en éuscaro.
Marilar Jiménez Aleixandre	13	<i>Card</i> (1995), <i>Escuracassoles, Xuplanates i Butoni</i> (1999) e <i>Deu abelles al taronger</i> (2008) en catalán, <i>Akilimarro, Sakarramin eta Mamu</i> (1999), <i>Hamar erle laranja-sailean</i> (2008) e <i>Meduaren burua</i> (2010) en éuscaro.
Xavier P. Docampo	11	<i>El misteri de les campanades</i> (1993) e <i>La decisió de Valeri</i> (2005) en catalán, <i>Kanpai hotsen misterioa</i> (1995) e <i>Balerioren erabakia</i> (2005) en éuscaro.
Xosé González (Oli) Manuel Barreiro	8	<i>Això es la por</i> (1992) e <i>Artur</i> (2011) en catalán, <i>Hona hemen beldurra</i> (1992) e <i>Saguen bidaia</i> (2019) en éuscaro.

Xosé Antonio Neira Cruz	7	<i>Els gats de Venècia</i> (1993) e <i>Una costura en el temps</i> (2010) en catalán, <i>Alaba adoptatua naiz</i> (2004) en éuscaro.
Paula Carballeira Cabana	7	<i>El Mateu</i> (2000) en catalán, <i>Smara</i> e <i>Hasiera</i> (2012) en éuscaro.
Ledicia Costas	6	<i>Desaparissió</i> (2012) e <i>La senyoreta Bubble</i> (2018) en catalán.
Helena Villar Janeiro	6	<i>El dia que va ploure de nit</i> (1985) en catalán e <i>Eduaren koaderno</i> (2015) en éuscaro.
Xoán Babarro	5	<i>Kumamoto Canyés, el meu robot japonés</i> (1995) e <i>L'arc de Sant Martí</i> (2001) en catalán.
Carlos Casares	5	<i>La bicicleta de Lolo</i> (1996) en catalán e <i>Rin eta Krixpin</i> (1983) en éuscaro.
M ^a Victoria Moreno Márquez	5	<i>Festa a les golfes</i> (1986) en catalán e <i>Izen baten bila</i> (1997) en éuscaro.
Gloria Sánchez	5	<i>Doctor Rus</i> (1995) en catalán e <i>Rus Doktoea</i> (1998) en éuscaro.
Olalla González	5	<i>Cabres cabretes</i> (2004) en catalán e <i>Barbantxo</i> (2018) en éuscaro.

Anexo 2. Nómima de obras traducidas e autorías de LA

Táboa 4. Nómima de autorías e obras da literatura catalá traducida ao galego

Autor/a	Título (tradución)	Ano	Tradutor/a	Editorial	Xénero
Alpera, Lluís	<i>Taronja de cel de novembre. Laranxa de ceo de novembro. Antoloxía poética bilingüe</i>	1999	Méndez Ferrín, Xosé Luís	7 i mig	Poesía
Arnal, Rafael	<i>Putá miseria</i>	1989	Sousa Fernández, Xulio César	Edicións do Cumio	Novela
autoría múltiple	<i>Mostra antolóxica de poetas contemporáneos: ingleses, franceses, italiáns e cataláns</i>	1981	Casado Nieto, Manuel; Casado, Xoán- Manuel	Edicións do Castro	Poesía
	<i>Trece poetas cataláns</i>	1995	Baixeras, Xavier R.	Edicións Espiral Maior	Poesía
	<i>Vinte poetas das Balears</i>	2001	Baixeras, Xavier R.	Edicións Espiral Maior	Poesía
	<i>Antoloxía poética = Poesía antoloxía = Antoloxía poética: (1990-2003): Galeusca.</i>	2004	Soaz, Lluïsa	Pamiela Argitaletxea (Federación Galeusca)	Poesía
	<i>Contos de África</i>	2012	Sabaté, Onofre	Edicións Positivas, S.L.	Contos
Bellsolà, Carles	<i>Ferros e ameixas</i>	1998	López Dobao, Xosé Antón	Edicións Xerais de Galicia	Poesía

Bonet, Blai	<i>Antoloxía poética</i>	2001	Baixeras, Xavier R.	Edicións Espiral Maior	Poesía
Cabré, Jaume	<i>Señoría</i>	2002	Martínez Torres, M ^a Dolores	Editorial Galaxia, S.A.	Novela
Casellas, Raimon	<i>As valgadas bravas</i>	2013	Castillo, Eduard del	Editorial Hugin e Munin	Novela
Castillo, David	<i>5 temas de Miles en Santiago</i>	2007	Interlingua; Noraktrad; Varela Puñal, Diana	Imagine Ediciones	Poesía
Cavallé, Joan	<i>O teléfono: Monólogo en doce instancias</i>	1995	Molexón, Antonio	Elsinor Teatro	Teatro
Cela, Jaume	<i>Silencio no corazón</i>	1999	García Bugarín, Leandro	Editorial Galaxia, S.A.	Novela
Costa i Llobera, Miquel	<i>Un vol d'inefable poesia</i>	2002	Baixeras, Xavier R.	Edicións Espiral Maior	Poesía
Cucarella, Vicent	<i>Economía para un futuro sustentable: chaves para entender a economía do noso tempo</i>	2019	Harguidey, Breixo	Edicións Laivento	Ensaio
Duran, Xavier	<i>O nacionalismo na era tecnolóxica</i>	1999	Garazo, Antón	Edicións Laivento	Ensaio
Fontana, Josep	<i>A construción da identidade e outros traballos de historia</i>	2007	Garazo, Antón	Edicións Laivento	Ensaio

Galin Gener, Pau	<i>Home ao mar: válido para unha viaxe</i>	2016	Estévez Vilariño, Brais; Rivas Rodríguez, Aitor	Asociación Cultural Estaleiro/Esta leiro Editora	Poesía
García Llorca, Antoni	<i>A besta moura</i>	2009	González Fernández, Helena	Editorial Galaxia, S.A.	Novela
Gas Serra, Anna	<i>Lingua de ántrax</i>	2019	Blanco Casás, Antón	Urutau	Poesía
Huguet, Josep; Serra Sala, Joan Maria	<i>Os nacionalismos perigosos</i>	2001	Garazo, Antón	Edicións Laivento	Ensaio
José, Eduard	<i>Obxectivo: Estadio Olímpico</i>	1992	Bernárdez, Carlos L.	Edicións do Cumio	Novela
Llompart, Josep M.	<i>Antoloxía poética de Josep Maria Llompart</i>	2001	Baixeras, Xavier R.	Edicións Espiral Maior	Poesía
Llorca, Vicenç	<i>O entusiasmo reflexivo: metáfora e sentido na fin do século</i>	1996	Fernán-Vello, Miguel Anxo	Edicións Espiral Maior	Ensaio
Marí, Antoni	<i>O vaso de prata e outras obras de misericordia</i>	1992	López Dobao, Xosé Antón	Sotelo Blanco	Novela
	<i>Tríptico</i>	2012	Baixeras, Xavier R.	Faktoría K de Libros	Poesía
Moncada, Jesús	<i>Camiño de sirga</i>	1997	Baixeras, Xavier R.	Edicións Xerais de Galicia	Novela

Montanyà Atoche, Xavier	<i>Piratas da liberdade</i>	2019	Sabaté, Onofre	Edicións Positivas, S.L.	Ensaio
Monzó, Quim	<i>A magnitude da traxedia</i>	1991	Marqués Tallón, Manuel	Edicións Positivas, S.L.	Novela
	<i>Mil cretinos</i>	2008	González Fernández, Helena	Edicións Xerais de Galicia	Novela
	<i>Vinte e nove contos</i>	2008	Lama López, María Xesús	Sotelo Blanco	Relatos
Ninyoles Monllor, Rafael Lluís	<i>Estructura social e política lingüística</i>	1991	García Cancela, Xermán	Ir Indo Edicións	Ensaio
	<i>Idioma e poder social</i>	2005	García Negro, María Pilar	Edicións Laivento	Ensaio
Pàmies, Sergi	<i>Se comes un limón sen facer xestos</i>	2008	López Dobao, Xosé Antón	Edicións Xerais de Galicia	Relatos
Pàmies, Teresa	<i>Rosalía non estaba alí</i>	1996	Pociña López, Andrés Xosé	Edicións do Castro	Ensaio
Pedrolo, Manuel de	<i>Mecanoscrito da segunda orixe</i>	1988	Moreno, María Victoria	Editorial Galaxia, S.A.	Novela
Pere-Peyró, Josep	<i>Desertos: Deserto de Paxaros. Pranto de Paxaros</i>	2002	González Gómez, Xoán Xesús	Biblioteca Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor	Teatro
Perucho, Joan	<i>Monstruario fantástico. Gaiola</i>	1998	Baixeras, Xavier R.	Editorial Galaxia, S.A.	Relatos

	<i>para animalíños felices</i>				
Pla, Josep	<i>Viaxe por Galicia: de Ribadeo a Tui</i>	1999	García Bugarín, Leandro	Editorial Galaxia, S.A.	Ensaio
Riera, Miquel Àngel	<i>Fuxida e martirio de San Andreu Milá</i>	1992	Baixeras, Xavier R.	Edicións Xerais de Galicia	Novela
	<i>Antoloxía poética</i>	2002	Baixeras, Xavier R.	Edicións Espiral Maior	Poesía
Rodoreda, Mercè	<i>A praza do diamante</i>	1995	Vilaboi Freire, Pilar	Edicións Positivas, S.L.	Novela
Roig Martínez, Xavier	<i>A ditadura da incompetencia</i>	2010	Lado Lago, Antón	2.0 Editora	Ensaio
Rosselló-Pòrcel, B.	<i>Obra poética</i>	2002	Baixeras, Xavier R.	Edicións Espiral Maior	Poesía
Royo, Jesús	<i>Unha lingua é un mercado</i>	1997	Rubinos Conde, Miguel; Martínez Seixo, Ramón Anxo	Edicións Xerais de Galicia	Ensaio
Salvat-Papasseit, Joan	<i>Divisas e poemas</i>	2003	Coira Nieto, Amparo; Coira Nieto, José Antonio	Tris-Tram	Poesía
Sánchez Piñol, Albert	<i>A pel fría</i>	2007	Pacheco, Mercedes	Ézaro	Novela
Sierra i Fabra, Jordi	<i>As palabras feridas</i>	2017	Domínguez Dono, Xesús	Editorial Galaxia, S.A.	Novela
	<i>O que eu creo (de todo): Reflexións</i>	2018	Acevedo, Carlos	Faktoría K de Libros	Novela

	<i>inmorais de Xavier Piñeiro Traba</i>				
Sort i Jané, Josep	<i>O nacionalismo español</i>	1997	Garazo, Antón	Edicións Laivento	Ensaio
Susanna, Álex	<i>Miradas que duran - Mirades que duren</i>	2019	Rodríguez, Luciano	Edicións Espiral Maior	Poesía
Teixidor, Emili	<i>Pan negro</i>	2011	Castillo, Eduard del	Doutor Alveiros	Novela
Tobaruela i Martínez, Pere	<i>Poñente</i>	2011	Boullón Agrelo, Ana Isabel	Edicións Xerais de Galicia	Novela
Tusón, Jesús	<i>Mal de linguas: arredor dos prexuícios lingüísticos</i>	1990	Sousa Fernández, Xulio César	Edicións Positivas, S.L.	Ensaio
Vadell i Vallbona, Pau	<i>Coas costas dobradas</i>	2019	Hermo, Gonzalo	Chan da Pólvora	Poesía
Vallès, Tina	<i>A memoria da árbore</i>	2019	Baixeras, Xavier R.	Faktoría K de Libros	Novela
Ventura, Jordi	<i>Seis rostros do nacionalismo en Europa: parangóns do nacionalismo</i>	2006	Garazo, Antón	Edicións Laivento	Ensaio
Verdaguer, Jacint	<i>A Altántida</i>	1995	Rodríguez López, Manuel	Xunta de Galicia	Poesía
Villangómez Llobet, María	<i>Un voo de paxaros</i>	2001	Baixeras, Xavier R.	Edicións Espiral Maior	Poesía

Táboa 5. Nómima de autorías e obras da literatura vasca traducida ao galego

Autor/a	Título (tradución)	Ano	Tradutor/a	Editorial	Xénero
Alberdi Estibaritz, Uxue	<i>O xogo das cadeiras</i>	2018	Xubín, Isaac	Hugin e Munin	Novela
Atxaga, Bernardo	<i>O fillo do acordeonista</i>	2004	Nicolás Rodríguez, Ramón	Edicións Xerais de Galicia, S.A.	Novela
	<i>Obabakoak</i>	2008	Nicolás Rodríguez, Ramón	Faktoría K de Libros	Relatos
	<i>Sete casas en Francia</i>	2009	Nicolás Rodríguez, Ramón	Faktoría K de Libros	Novela
autoría múltiple	<i>A ponte das palabras, poesía vasca 1990-2000</i>	2000	Jiménez Aleixandre, María; Villar, Rafael; Estévez, Eduardo; Kortázar, Jon	Letras de Cal	Poesía
	<i>Antoloxía poética = Poesia antologia = Antologia poética: (1990-2003): Galeusca.</i>	2004	Estévez, Xosé	Pamiela Argitaletxea (Federación Galeusca)	Poesía
	<i>Alén da fronteira: sete poetas vascos</i>	2012	Xubín, Isaac	Faktoría K de Libros	Poesía
	<i>Poetas itinerantes</i>	2016	Xubín, Isaac	Consello da Cultura Galega	Poesía

Cano, Harkaitz	<i>Pasaia blues</i>	2013	Xubín, Isaac	Editorial Hugin e Munin	Novela
Elorriaga, Unai	<i>Un tranvía cara a SP</i>	2003	Loureiro, Ramón	Editorial Galaxia, S.A.	Novela
	<i>O pelo de Van't Hoff</i>	2004	Carballo Soliño, Xesús	Editorial Galaxia, S.A.	Novela
	<i>Vredaman</i>	2006	Carballo Soliño, Xesús	Editorial Galaxia, S.A.	Novela
Etxepare, Bernard	<i>Linguae Vasconum Primitiae</i>	2014	González González, Manuel	Euskaltzaindi a	Poesía
Juaristi, Felipe	<i>Viaxe</i>	2007	Interlingua; Noraktrad; Varela Puñal, Diana	Imagine Ediciones	Poesía
Lertxundi Esnal, Anjel	<i>Felicidade perfecta</i>	2006	Carballo Soliño, Xesús	Editorial Galaxia, S.A.	Novela
Madariaga, Juan Ramón	<i>eSPedición: o poder dunha montaña</i>	2017	Xubín, Isaac	Editorial Hugin e Munin	Novela
Ribasen, Julen	<i>A vitoria final</i>	2014	Cid Abasolo, Karlos; Pichel Gotérrez, Ricardo	Urco Editora	Banda deseñada
Sarrionandia, Joseba	<i>Tempo de exilio</i>	2014	Xubín, Isaac	Faktoría K de Libros	Poesía
Serrano, Asier	<i>Frechas no tellado</i>	2007	Interlingua; Noraktrad; Varela Puñal, Diana	Imagine Ediciones	Relatos

Uribe, Kirmen	<i>Bilbao-New York- Bilbao</i>	2010	Xubín, Isaac	Edicións Xerais de Galicia, S.A.	Novela
	<i>A hora de espertarmos xuntos</i>	2017	Xubín, Isaac	Edicións Xerais de Galicia, S.A.	Novela

Táboa 6. Nómima de autorías e obras da literatura galega traducida ao catalán

Autor/a	Título (tradución)	Ano	Tradutor/a	Editorial	Xénero
Adán, Carme	<i>Feminicidi: Un nou ordre patriarcal en temps de submissió</i>	2019	?	Triangular Edicions	Ensaio
Alonso Villaverde, Francisco	<i>Balada solitària</i>	2007	Iglesias Ferrer, Fina	Universitat de Barcelona	Poesía
Álvarez Cáccamo, Xosé María	<i>Foc blanc</i>	1994	Trigo, Xulio Ricardo; Júlia Cortès	Edicions Bromera, S.L.	Poesía
	<i>La llum dels extraviats</i>	2000	Baixeras, Xavier R.	Arola Editors S.L.	Relatos
Ameixeiras Novelle, Diego	<i>Digue'm alguna cosa bruta</i>	2013	Valls i Alecha, Esteve	Pulp Books	Novela
Autoría múltiple	<i>[Poesía galaico portuguesa: antoloxía del segle XII al XIX]</i>	1984	Llompert, Josep María	Edicions 62	Poesía
	<i>[Poesía gallega, portuguesa i brasileira moderna: antoloxía]</i>	1988	Llompert, Josep María	Edicions 62	Poesía
	<i>Sis poetas gallecs</i>	1990	Susanna, Álex; Baixeras, Xavier R.	Columna CAT	Poesía
	<i>Bruixes brúixoles - Brújulas brujas</i>	1995	González Felip, Marisol; Martínez, Lola	Derzet i Dagó	Poesía

	<i>La Nit de la poesia: 11 poetes a la Vaqueria</i>	2001	Baixeras, Xavier R.	Arola Editors S.L.	Poesía
	<i>Antoloxía poética = Poesia antologia = Antologia poètica: (1990-2003): Galeusca.</i>	2004	Aralla, Raúl	Pamiela Argitaletxea (Federación Galeusca)	Poesía
	<i>Poetes gallecs d'avui: antologia</i>	2008	Costa-Pau, Manuel	Llibres del Segle	Poesía
Baixeras, Xavier R.	Xavier Rodríguez Baixeras	2006	Baixeras, Xavier R.	Aula de Poesía Jodi Jové; Vicerectorad d'Activitats Culturals i Projecció Universitària	Poesía
Blanco- Amor, Eduardo	<i>Eduardo Blanco Amor e o teatro: Commemoració Lletres Gallegues 1993 [Procés a Jacobusland]</i>	1995	Ventura, Joaquim	Universitat de Barcelona	Teatro
	<i>La gresca</i>	2014	Silvestre Llinares, Jaume	El Gall Editor	Novela
Bouza-Brey Trillo, Fermín	<i>Mínima antologia poètica</i>	1992	Ventura, Joaquim	Universitat de Barcelona	Poesía

Casares, Carlos	<i>Il·lustríssima</i>	1993	Franco Martínez, Josep	Edicions Bromera, S.L.	Novela
	<i>Déu assegut en una butaca blava</i>	2001	Soás, Lluïsa	Proa	Novela
Castro, Francisco	<i>El cor de la Blancaneu</i>	2015	Berenguer Micó, Vicent	Balandra Edicions	Novela
	<i>Iridium</i>	2019	?	Tandem Edicions, S.L.	Novela
Chinto	<i>Contes per a nens que s'adormen de seguida</i>	2016	Hernàndez, Pau Joan	Kalandraka Editora	Contos
Codax, Martín	<i>Homenaxe a Martín Codax</i>	1983	Salvat, Ricard	Colexio Universitario de Vigo	Poesía
Cunqueiro Mora, Álvaro	<i>Herba aquí o allà</i>	1993	Domènech i Soteras, Jordi	Edicions 62	Poesía
Díaz Castro, José María	<i>Nimbes</i>	1995	Berenguer Micó, Vicent	Edicions de la Guerra (Vicente Berenguer Editor)	Poesía
Estévez Gantes, Xurxo Xoán	<i>Espiral de dèries</i>	2006	Sebastiá Talavera, Jordi	Tandem Edicions, S.L.	Novela
Fernández Paz, Agustín	<i>No hi ha nit tan llarga</i>	2013	Franco Martínez, Josep	Edicions Bromera, S.L.	Novela
Fernán- Vello, Miguel Anxo	<i>Llibre dels paisatges vius</i>	1995	Dachs, Ramón	Pagès Editors, S.L.	Poesía

Ferradàns, Miriam	<i>Noms de fum</i>	2019	Miquel, Dolors	Godall Edicions SL	Poesía
Ferreiro, Celso Emilio	<i>[Antologia / Gabriel Aresti, Salvador Espriu, Celso Emilio Ferreiro]</i>	1988	Llompart, Josep María	Erein	Poesía
	<i>Vint poemes de Celso Emilio Ferreiro</i>	1991	Llompart, Josep María	Graf. Minerva	Poesía
Hermo, Gonzalo	<i>Celebració</i>	2016	Targa Ramos, Adrià	Godall Edicions SL	Poesía
	<i>La vida salvatge</i>	2019	Hermo, Gonzalo	Godall Edicions SL	Poesía
Mella, Carlos	<i>La fal·làcia de l'economicisme</i>	1996	?	Editorial Mediterrània , SL	Ensaio
Méndez Ferrín, Xosé Luís	<i>Bretanya, Esmeraldina</i>	1988	Baixeras, Xavier R.	Laia	Novela
	<i>L'amor del rei Artús; i altres relats</i>	1988	Martínez Sáez, Miquel	Universitat de València	Relatos
Moure, Teresa	<i>Herba d'enamorar</i>	2006	Comellas Casanova, Pere	Edicions La Campana	Novela
Ongbá, Víctor	<i>Carreró sense sortida: el dilema d'un immigrant</i>	2002	Hernández, Pau Joan	La Galera, SAU	Novela
Otero Pedrayo, Ramón	<i>La literatura breu de ficció de R. Otero Pedrayo</i>	2001	Farran, Agustí	Editorial Galaxia, S.A.	Relatos

Pereiro, Lois	<i>Poesia última d'amor i malaltia (1992-1995)</i>	2016	Ferrer Escandell, Jèssica	Edicions del Buc	Poesía
Pexegueiro, Alfonso	<i>L'illa de les dones folles</i>	1984	Daurella, Josep	Edicions del Mall	Novela
Pimentel, Luís	<i>Vint poemes de Luis Pimentel</i>	1982	Llompart, Josep María	Gràfiques Miramar	Poesía
Pimentel, Luís; Ferreiro, Celso Emilio	<i>Poemes de Luis Pimentel i Celso Emilio Ferreiro</i>	1992	Llompart, Josep María	Conselleria de Cultura, Educació i Esport (Palma de Mallorca)	Poesía
Reigosa, Carlos G.	<i>Crim a Compostel·la</i>	1990	Pallarès Garí, Salvador	Edicions Bromera, S.L.	Novela
Risco, Vicente	<i>El porc dempeus</i>	2013	del Castillo Velasco, Eduard	Doutor Alveiros	Novela
Rivas, Manuel	<i>Què vols de mi, amor?</i>	1997	Soás, Lluïsa	Proa	Relatos
	<i>Ella, maleïda ànima</i>	2000	Soás, Lluïsa	Proa	Relatos
	<i>El llapis del fuster</i>	2003	Soás, Lluïsa	Proa; Suma de Lletres Catalana	Novela
	<i>Els llibres fan de mal cremar</i>	2006	Felip i Aced, Lluís	Edicions 62	Novela
	<i>La desaparició de la neu</i>	2009	Mesquida Amengual, Biel	Alfaguara	Poesía

Rodríguez Castelao, Alfonso Daniel	<i>Coses</i>	2000	Aced, Lluís Felip	Editorial Empúries	Relatos
Sánchez Iglesias, Cesáreo	<i>El rostre de la terra</i>	2009	Trigo, Xulio Ricardo	Perifèric	Poesía
Sende, Séchu	<i>La venedora de paraules</i>	2015	Boixader Arbo, Mònica Lourdes	RBA	Relatos
Sesto López, Xosé	<i>Cançons per a quatre morts</i>	2007	Losada Soler, Elena; Romances Cuxart, Meritxell	Federación Galega de Asociacións de Emigrantes Retornados	Poesía
Solar Núñez, María	<i>L'expedició del doctor Balmis</i>	2017	Franco, Josep	Edicions Bromera, S.L.	Novela
Toro, Suso de	<i>Mai més: diari urgent d'una catàstrofe</i>	2003	Casassas, Anna	Ara Llibres	Outros
	<i>Tretze campanades</i>	2004	Franco Martínez, Josep	Edicions Bromera, S.L.	Novela
	<i>Espanyols tots</i>	2004	Hernàndez, Pau Joan	Edicions Bromera, S.L.	Ensaio
	<i>Una altra idea d'Espanya</i>	2005	Hernàndez, Pau Joan	Edicions Bromera, S.L.	Ensaio

	<i>Home sense nom</i>	2006	Miró, Carles	Edicions Bromera, S.L.	Novela
	<i>Esdevenir humil: rituals per a després de Déu</i>	2017	Albertí, Jordi	Gregal	Relatos
	<i>La Literatura, des de dins</i>	2018	Badia Escolà, Andratx	Gregal	Ensaio
Tosar, Luís G.	<i>Invocació d'un temps: (poesia, 1986-2000) = Invocación dun tempo: (poesía, 1986-2000)</i>	2001	Losada Castro, Basilio	Viena Edicions	Poesía
Valente, José Ángel	<i>Cantigues d'enllà</i>	1989	Balash i Pinyol, Raimón	Ambit Serveis Editorials	Poesía
Vila Sexto, Carlos	<i>Les set morts</i>	2014	Andreu, Carles	Fanbooks	Novela
Vila-Coia, Xabier	<i>Les pors</i>	2014	Vila-Coia, Xabier	Xabier Vila Fernández	Ensaio
Villar, Domingo	<i>L'últim vaixell</i>	2019	Parés Sellarès, Núria	Columna CAT	Novela
Zúñiga, Iolanda	<i>Vides Post-it</i>	2013	Valls i Alecha, Esteve	Pulp Books	Relatos

Táboa 7. Nómína de autorías e obras da literatura galega traducida ao éuscaro

Autor/a	Título (tradución)	Ano	Tradutor/a	Editorial	Xénero
autoría múltiple	<i>Galegoz heldutako poemak</i>	1991	Sarrionandia, Joseba	Susa	Poesía
	<i>Antoloxía poética = Poesía antología = Antologia poética: (1990-2003): Galeusca.</i>	2004	Retolaza, Iratxe	Pamiela Argitaletxea (Federación Galeusca)	Poesía
	<i>Poetak ibiltariak</i>	2016	Roque, Íñigo	Consello da Cultura Galega	Poesía
Castro, Francisco	<i>Iridium</i>	2019	Murua Irigoien, Mixel	Alberdania	Novela
Castro, Rosalía de	<i>Rosalía de Castro antología</i>	2017	Izaguirre Urreaga, Koldo	Susa	Poesía
Cimadevila Botana, Fernando Manuel	<i>Amets-lapurra</i>	2015	Ugarte Gracianteparaluceta, Garbiñe	Sushi Books	Novela
Codax, Martín	<i>Homenaxe a Martín Codax</i>	1983	San Martín, Juan	Colexio Universitario de Vigo	Poesía
Cunqueiro, Álvaro	<i>Han-hemengo jendea</i>	1996	Iriarte Cilveti, Mikel	Editorial Ibaizabal	Relatos
Díaz Castro, Xosé María	<i>Argi-koroak</i>	2014	Markuleta, Gerardo	Goberno Vasco e Xunta de Galicia	Poesía

Dieste, Rafael	<i>Intxixuen Artxibotik</i>	1993	Izaguirre Urreaga, Koldo	Elkar	Relatos
Estévez, Xosé	<i>Manuel Martinez Murguia: Euskal jatorrikoa eta Galiziako Abertzaletasunaren Aintzindari</i>	2000	Izaguirre Urreaga, Koldo	Colección Uxue	Ensaio
Ferreiro, Celso Emilio	<i>[Antologia/ Gabriel Aresti, Salvador Espriu, Celso Emilio Ferreiro]</i>	1988	Etxezarraga, Jesus	Erein Argitaletxea, S.A.	Poesía
Fole Sánchez, Ánxel	<i>Kriseiluaren argipean: studoko ipuinak</i>	2010	Navascués, Josemari	Alberdania; Elkar	Contos
María, Manuel	<i>Berengela izeneko otarantza baten ibilketak eta biribilketak. Maitaza Zorabituaren pastorala</i>	1985	Izaguirre Urreaga, Koldo	Antzerti	Teatro
	<i>Antoloxía homenaxe: 32 poemas galegos coa súa traducción ao euskara</i>	2005	Izaguirre Urreaga, Koldo	Fato Cultural Galego Daniel Castelao	Poesía
Méndez Ferrín, Xosé	<i>Mugaldeko jendea</i>	1998	Montorio, Bego	Elkar	Novela
Luís	<i>Tagen atarako itzulera</i>	2000	Urrutia Badiola, Andrés	Labayru Fundazioa	Novela

Novoneyra, Uxío	<i>Bazterrak. Os Eidos I</i>	1988	Izaguirre Urreaga, Koldo	Pamiela Argitaletxea	Poesía
Rivas, Manuel	<i>Elurraren urtzea</i>	2009	Kortázar, Jon	Alfaguara	Poesía
Rodríguez Castelao, Alfonso Daniel	<i>Agurreok maitemindu bear ez</i>	1984	Labayen, Antonio M.	Editorial Eusko Jaurilaritza	Teatro
	<i>Betiko Biak</i>	1984	Etxezarreta, Ramón	Susa	Novela
	<i>Zirtzilak. Kristalezko begia</i>	1986	Izaguirre Urreaga, Koldo	Susa	Relatos
	<i>Beti Galizan</i>	1986	Montorio, Bego	Susa	Ensaio
	<i>Gauzak</i>	1987	Etxezarreta, Ramón	Susa	Relatos
Rodríguez Fer, Claudio	<i>Adatsa (Zatiak)</i>	2015	Juaristi, Antton; Marcellán, Ane; Ugarte, Yurre	A cabeleira	Poesía
	<i>Halabiz, kamarada</i>	2017	Arkotxa, Aurelia; Lakarra, Joseba Andoni	A cabeleira	Poesía
Sánchez Pereiro, Lois	<i>Akaberako poesia amodioaz eta gaitzaz</i>	2013	Sestorain Zestau, Joxemari	Cenlit Ediciones	Poesía
Sende, Séchu	<i>Made in Galiza</i>	2012	Rodríguez, Txerra	Txalaparta	Relatos

Sesto López, José	<i>Lau heriotzentzat kantak</i>	2008	San Martín, Juan; Jiménez, Edorta	Federación Galega de Asociacións de Emigrantes Retornados	Poesía
Zúñiga, Iolanda	<i>Post-it bizitzak</i>	2014	Roque, Íñigo	Pasazaite	Relatos